



Expte. 4.051/440

DESTINATARIO:
MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO:

VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS (SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”) PARA A CONTRATACIÓN POLO PROCEDIMENTO ABERTO DAS OBRAS DE:

OBRAS PARA A REFORMA DA GRADA DE RÍO DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÑOS

INFORME:

A mesa de contratación celebrada o pasado 17 de novembro realizou a apertura da documentación presentada polas empresas que optan a adxudicación das obras de referencia, dando traslado da documentación presentada no sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor” para a súa avaliación por parte dos servizos técnicos do servizo xestor do expediente. De acordo coa acta da mesa de contratación foron admitidas as ofertas das empresas que se indican a continuación:

- | | |
|---|--|
| 1. UTE DRAGADOS, S.A. E ORECO. | 9. UTE CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. - XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - OHL, S.A. |
| 2. SA DE OBRAS Y SERVICIOS COPASA. | 10. JOCA INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES, S.A. |
| 3. UTE VIVIENDAS Y OBRAS CIVILES SA E CONSTRUCCIONES RUESMA, S.A. | 11. CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L. |
| 4. UTE ACCIONA INFRAESTRUCTURAS SA E CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.U. | 12. UTE EXTRACO, S.A. - PRACE, S.A. |
| 5. FCC CONSTRUCCIÓN. | 13. UTE UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U. - OGMIOS PROYECTO, S.L. - 03 SERVICIOS Y CONTRATAS, S.L. |
| 6. UTE INDEPO S.L.U., AVAN INTEGRAL, S.L. E HIDROMIÑO, S.L.U. | 14. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. |
| 7. CIVISGLOBAL, S.L. | |
| 8. COPCISA, S.A. | |

A vista da magnitude da información que inclúen as ofertas e a cantidade de licitadores admitidos no proceso, o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e responsable do contrato, solicita informe técnico de valoración das ofertas, propoñendo revisión e valoración a diferentes técnicos tendo en conta o apartado a avaliar de acordo co estipulado nos apartados 7.A. e 8.A. das FEC do PCAP.

Así o reparto técnico para a valoración das ofertas se plantexa dun modo coherente coa propia distribución establecida no PCAP, do seguinte modo:

- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Jerónimo Centrón Castaños e o Enxeñeiro de Edificación Aurelio Adán Fernández valorarán o criterio B.1.- VALORACIÓN DA MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA: (apartado 8.A.1, das FEC).

- A Enxeñeira de Obras Públicas María Francisca Arlandis Marra valorará o criterio B.2.- VALORACIÓN DO PLAN DE CONTROL DE CALIDADE: (apartado 8.A.2, das FEC).

- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Jerónimo Centrón Castaños e o Enxeñeiro de Edificación Aurelio Adán Fernández valorarán o criterio B.3.- VALORACIÓN DO PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS: (apartado 8.A.3, das FEC).

Páx. 1 de 104



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 22/11/2016 15:12

Páxina 1 de 104

Expediente 4051/440

Código de verificación: 25E84-DADE8-D855E-C2E32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 4.051/440

- O Enxeñeiro de Edificación Aurelio Adán Fernández e o Xefe administrativo e de control orzamentario da Concellería de Fomento Oscar Couce Senra valorarán o criterio B.4.- VALORACIÓN DA MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS Á OBRA: (apartado 8.A.4, das FEC)

A valoración das ofertas realizarase de acordo co establecido no apartado 8.A., das FEC, no cal se indican os criterios para a avaliación mediante xuízo de valor así como as regras de puntuación.

De acordo co recollido nos apartados 7.A, e 8.A., das FEC, para a avaliación das ofertas presentadas polos licitadores no “sobre B” o presente informe atenderá os seguintes criterios:

A.- REVISIÓN DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS ESTABLECIDOS NO APARTADO 7.A DAS FEC, SOBRE O CONTIDO DA DOCUMENTACIÓN APORTADA POR CADA LICITADOR NO SOBRE “B”.

A análise do cumprimento dos requisitos da documentación presentada por cada licitador no sobre “B”, atopase indicada no primeiro párrafo de cada apartado da valoración realizada a cada unha das empresas licitadoras. Se recolle, para cada licitador o resultado da revisión da citada documentación, tendo en conta os requisitos para a presentación da documentación recollidos no apartado 7.A das FEC para cada un dos catro criterios a avaliar, indicando as incidencias en relación a non cumprir ditos requisitos no referente a extensión da documentación presentada e o peso dos arquivos presentados.

Segundo se recolle no apartado 8.A. das FEC, cando a documentación relativa aos citados criterios presentada *non cumpran cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, do nº de follas máximas ou de arquivo único, serán obxecto de valoración técnica, pero a puntuación será a metade dos puntos asignados a cada criterio.*

B.- AVALIACIÓN TÉCNICA E PUNTUACIÓN SOBRE O CONTIDO DA DOCUMENTACIÓN APORTADA POR CADA LICITADOR NO SOBRE “B”.

A avaliación da documentación presentada por cada licitador atopase recollida indicando para os diferentes apartados a avaliar de acordo co estipulado nos apartados 7.A. e 8.A. das FEC as puntuacións obtidas a xuízo de valor dos técnicos que subscriben cada apartado, aplicando as regras xerais de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC, que se transcriben a continuación:

- 1.- *Outorgarase a máxima puntuación fixada en cada apartado ás memorias que desenvolvan cun alto grao de detalle os contidos indicados con análise específica e coa representación gráfica adecuada.*
 - 2.- *Descontarase un 15 % da puntuación máxima prevista en cada apartado a avaliar, ás memorias que non teñan un desenvolvemento detallado dos contidos gráficos esixidos en cada apartado.*
 - 3.- *Descontarase un 15 % da puntuación máxima prevista en cada apartado, por cada un dos contidos esixidos con escaso desenvolvemento, ou, no caso de que a súa xustificación non se adecúe ao obxecto do apartado a avaliar.*
- Os descontos previstos neste punto e no anterior serán acumulativos, tendo como límite o desconto equivalente á máxima puntuación do criterio a avaliar.*

Páx. 2 de 104



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 22/11/2016 15:12

Páxina 2 de 104

Expediente 4051/440

Código de verificación: 25E84-DADE8-D855E-C2E32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 4.051/440

4.- A puntuación será de 0 puntos, cando a memoria do apartado a avaliar conteña aspectos contraditorios internos ou en relación co proxecto, ou non recolla ningunha aportación a maiores das establecidas no propio proxecto de obra que define este expediente.

B.1.- VALORACIÓN DA MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA: (apartado 8.A.1, das FEC). A valoración deste criterio foi realizada polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Jerónimo Centrón Castaños e polo Enxeñeiro de Edificación Aurelio Adán Fernández. Este criterio ten unha valoración máxima de **21,00 puntos** e foi realizada tendo en conta os apartados e puntuación recollidos nas FEC:

B.1.1.- Análise da actuación a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar: Se valorará con ata **7,00 puntos**. Segundo se recolle literalmente no apartado 7.A.1.a) das FEC deberá incluír:

- A análise das actuacións a desenvolver incluídas dentro do proxecto.
- Descrición das actividades importantes da execución da obra.
- Condicionantes definidos no proxecto.
- A determinación do grao de incidencia dos condicionantes e actuacións a desenvolver especificados nos apartados anteriores en relación á execución da obra.

Tendo en conta dentro dos aspectos recollidos nas FEC os contidos citados anteriormente, as regras de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC e as características e peculiaridades da obra de referencia, procedese a revisión técnica da documentación presentada por cada licitador, segundo se recolle no apartado referente a cada un de eles. Indícase para cada un dos contidos a valorar e segundo as especificacións contidas na oferta de cada licitador, a avaliación dos aspectos que provocarán unha minoración da puntuación máxima do apartado a xuízo de valor dos técnicos que subscriben o mesmo. Está minoración será acumulativa segundo se recolle nas regras xerais de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC.

B.1.2.- Análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra, e a súa explicación gráfica: Se valorará con ata **7,00 puntos**. Segundo se recolle literalmente no apartado 7.A.1.b) das FEC deberá incluír:

- O estudo das afeccións dos condicionantes externos do contorno da obra (tráfico, climatolóxicos e usos específicos do contorno de actuación)
- As medidas e propostas que permitan simultanear a obra coas actividades cotiás do contorno (campamento de obra, desvíos de tráfico e fases de obra)

Tendo en conta dentro dos aspectos recollidos nas FEC os contidos citados anteriormente, as regras de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC e as características e peculiaridades da obra de referencia, procedese a revisión técnica da documentación presentada por cada licitador, segundo se recolle no apartado referente a cada un de eles. Indícase para cada un dos contidos a valorar e segundo as especificacións contidas na oferta de cada licitador, a avaliación dos aspectos que provocarán unha minoración da puntuación máxima do apartado a xuízo de valor dos técnicos que subscriben o mesmo. Está minoración será acumulativa segundo se recolle nas regras xerais de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC.





Expte. 4.051/440

B.1.3.- Proposta de planificación da obra en relación aos períodos de execución e aos equipos materiais e humanos que se propoñen para a execución da obra, xustificando a coherencia da proposta realizada en relación aos prazos de execución propostos: Se valorará con ata **7,00 puntos**. Segundo se recolle literalmente no apartado 7.A.1.c) das FEC deberá incluír:

- A planificación da obra en relación a determinación dos medios necesarios para a execución da mesma, tales como persoal, instalacións, equipos e materiais.
- A xustificación da coherencia da proposta en relación aos prazos de execución propostos con indicación de folgas e camiños críticos.

Tendo en conta dentro dos aspectos recollidos nas FEC os contidos citados anteriormente, as regras de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC e as características e peculiaridades da obra de referencia, procedese a revisión técnica da documentación presentada por cada licitador, segundo se recolle no apartado referente a cada un de eles. Indicase para cada un dos contidos a valorar e segundo as especificacións contidas na oferta de cada licitador, a avaliación dos aspectos que provocarán unha minoración da puntuación máxima do apartado a xuízo de valor dos técnicos que subscriben o mesmo. Está minoración será acumulativa segundo se recolle nas regras xerais de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC.

B.2.- VALORACIÓN DO PLAN DE CONTROL DE CALIDADE: (apartado 8.A.2, das FEC). A valoración deste criterio foi realizada pola Enxeñeira de obras públicas María Francisca Arlandis Marra. Este criterio ten unha valoración máxima de **5,00 puntos** e foi realizada tendo en conta os apartados e puntuación recollidos nas FEC:

B.2.1.- Plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto: Se valorará con ata **3,00 puntos**. Segundo se recolle literalmente no apartado 7.A.2.a) das FEC deberá incluír:

- As medidas que propón o licitador para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar.
- Un plan específico de ensaios de control de calidade a maiores do contemplado no proxecto no que se recolla a diversidade dos ensaios de control de calidade a executar, identificando as unidades de obra a controlar durante a súa execución.

Tendo en conta dentro dos aspectos recollidos nas FEC os contidos citados anteriormente, as regras de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC e as características e peculiaridades da obra de referencia, procedese a revisión técnica da documentación presentada por cada licitador, segundo se recolle no apartado referente a cada un de eles. Indicase para cada un dos contidos a valorar e segundo as especificacións contidas na oferta de cada licitador, a avaliación dos aspectos que provocarán unha minoración da puntuación máxima do apartado a xuízo de valor da técnico que subscribe o mesmo. Está minoración será acumulativa segundo se recolle nas regras xerais de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC.

B.2.2.- Plan de autocontrol interno da empresa: Se valorará con ata **2,00 punto**. Segundo se recolle literalmente no apartado 7.A.2.b) das FEC deberá incluír:

- Plan de autocontrol interno da empresa en aqueles procesos relacionados directamente coa execución do obxecto da obra.
- Organización dedicada ao control de calidade.

Tendo en conta dentro dos aspectos recollidos nas FEC os contidos citados anteriormente, as regras de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC e as características e peculiaridades da obra de referencia,

Pág. 4 de 104



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 22/11/2016 15:12

Páxina 4 de 104

Expediente 4051/440

Código de verificación: 25E84-DADE8-D855E-C2E32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 4.051/440

procedese a revisión técnica da documentación presentada por cada licitador, segundo se recolle no apartado referente a cada un de eles. Indicase para cada un dos contidos a valorar e segundo as especificacións contidas na oferta de cada licitador, a avaliación dos aspectos que provocarán unha minoración da puntuación máxima do apartado a xuízo de valor da técnico que subscribe o mesmo. Está minoración será acumulativa segundo se recolle nas regras xerais de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC.

B.3.- VALORACIÓN DO PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS: (apartado 8.A.3, das FEC). A valoración deste criterio foi realizada polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Jerónimo Centrón Castaños e polo Enxeñeiro de Edificación Aurelio Adán Fernández. Este criterio ten unha valoración máxima de **4,00 puntos** e foi realizada tendo en conta os apartados e puntuación recollidos nas FEC:

B.3.1.- Memoria descritiva das boas prácticas na execución da obra que permita reducir o consumo enerxético ou de materias primas: Se valorará con ata **2,00 punto**.

Tendo en conta dentro dos aspectos recollidos nas FEC os contidos citados anteriormente, as regras de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC e as características e peculiaridades da obra de referencia, procedese a revisión técnica da documentación presentada por cada licitador, segundo se recolle no apartado referente a cada un de eles. Indicase para cada un dos contidos a valorar e segundo as especificacións contidas na oferta de cada licitador, a avaliación dos aspectos que provocarán unha minoración da puntuación máxima do apartado a xuízo de valor dos técnicos que subscriben o mesmo. Está minoración será acumulativa segundo se recolle nas regras xerais de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC.

B.3.2.- Memoria descritiva das actuacións para a redución das emisións contaminantes á atmosfera, recollida selectiva de residuos e procesos de reciclado. Se valorará con ata **2,00 punto**.

Tendo en conta dentro dos aspectos recollidos nas FEC os contidos citados anteriormente, as regras de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC e as características e peculiaridades da obra de referencia, procedese a revisión técnica da documentación presentada por cada licitador, segundo se recolle no apartado referente a cada un de eles. Indicase para cada un dos contidos a valorar e segundo as especificacións contidas na oferta de cada licitador, a avaliación dos aspectos que provocarán unha minoración da puntuación máxima do apartado a xuízo de valor dos técnicos que subscriben o mesmo. Está minoración será acumulativa segundo se recolle nas regras xerais de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC.

B.4.- VALORACIÓN DA MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS Á OBRA: (apartado 8.A.4, das FEC). A valoración deste criterio foi realizada polo Enxeñeiro de Edificación Aurelio Adán Fernández e polo Xefe administrativo e de control orzamentario da Concellería de Fomento Oscar Couce Senra. Este criterio ten unha valoración máxima de **5,00 puntos** e foi realizada tendo en conta os apartados e puntuación recollidos nas FEC:

B.4.1.- Organización dos recursos humanos: Se valorará con ata **2,00 puntos**. Segundo se recolle literalmente no apartado 7.A.4.a) das FEC deberá incluír:

Páx. 5 de 104



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 22/11/2016 15:12

Páxina 5 de 104

Expediente 4051/440

Código de verificación: 25E84-DADE8-D855E-C2E32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 4.051/440

-Un organigrama e a descrición e xustificación das actuacións, dedicacións e funcións do equipo humano que se propoña adscribir á obra.

Para este apartado o licitador deberá achegar información gráfica, esquemas e diagramas adecuados á peculiaridade da proposta de organización e da obra.

Tendo en conta dentro dos aspectos recollidos nas FEC os contidos citados anteriormente, as regras de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC e as características e peculiaridades da obra de referencia, procedese a revisión técnica da documentación presentada por cada licitador, segundo se recolle no apartado referente a cada un de eles. Indicase para cada un dos contidos a valorar e segundo as especificacións contidas na oferta de cada licitador, a avaliación dos aspectos que provocarán unha minoración da puntuación máxima do apartado a xuízo de valor do técnico que subscribe o mesmo. Está minoración será acumulativa segundo se recolle nas regras xerais de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC.

B.4.2.- Experiencia, cualificación e formación do equipo humano: Se valorará con ata **3,00 puntos**. Segundo se recolle literalmente no apartado 7.A.4.b) das FEC deberá incluír:

-Especificación da experiencia acreditada en relación ás peculiaridades de cada posto de traballo descrito, a cualificación e formación

Este equipo deberá atoparse identificado e adaptado ás peculiaridades propias desta obra, valorándose a alta experiencia acreditada en obras similares así como a cualificación e formación en obras de similares características, debendo achegarse unha proposta específica de compromiso de adscripción á obra dos profesionais que vaian intervir.

Tendo en conta dentro dos aspectos recollidos nas FEC os contidos citados anteriormente, as regras de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC e as características e peculiaridades da obra de referencia, procedese a revisión técnica da documentación presentada por cada licitador, segundo se recolle no apartado referente a cada un de eles. Indicase para cada un dos contidos a valorar e segundo as especificacións contidas na oferta de cada licitador, a avaliación dos aspectos que provocarán unha minoración da puntuación máxima do apartado a xuízo de valor do técnico que subscribe o mesmo. Está minoración será acumulativa segundo se recolle nas regras xerais de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC.

Según se recolle no apartado 8.A. das FEC: **Fíxase un umbral mínimo de puntuación:** serán excluídas do proceso de licitación as ofertas que non acaden na puntuación dos criterios de xuízo de valor o 40 % da puntuación máxima da totalidade dos criterios a avaliar por xuízo de valor.

De acordo cos aspectos indicados no presente informe, a continuación detállase e motivase a valoración realizada para cada unha das empresas licitadoras:

Páx. 6 de 104



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 22/11/2016 15:12

Páxina 6 de 104

Expediente 4051/440

Código de verificación: 25E84-DADE8-D855E-C2E32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 4.051/440

(VALORACIÓN SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”)
UTE DRAGADOS, S.A. E ORECO

B.1.- MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 4,7 MB e 50 follas, polo que non se supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **21 puntos**.

a) Análise da actuación a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar: se valorará con ata 7 puntos.

A análise das actuacións a desenvolver incluídas dentro do proxecto.

A memoria presenta as actuacións a levar a cabo no proxecto con esquemas gráficos detallados, tanto da malla espacial, da cuberta da grada, da cuberta do pabellón, da actuación en fachada todo elo con indicación dos detalles da actuación. Ademais se analiza a actuación de reforzo estrutural, acondicionamento xeral e instalacións eléctricas.

Se considera un desenvolvemento detallado e analizado das principais actuacións a desenvolver dentro do proxecto, con abundante información gráfica.

- Descrición das actividades importantes da execución da obra.

A memoria non desenrola descrición das principais actividades de obra a levar a cabo no proxecto e dos procesos constructivos máis importantes.

- Condicionantes definidos no proxecto.

Ao longo da exposición destácase entre outros: condicionantes administrativos, programa de traballo, condicionantes climáticos e medioambientales, , partidos programados no estadio pero bótase en falta outros condicionantes do proxecto importantes como as obras previas executadas na grada de río, o estado da estrutura, a influencia da acción do vento, o uso complementario das gradas ou o cronograma de execución das obras.

Se considera unha escasa exposición dos principais condicionantes do proxecto.

- Determinación do grado de incidencia dos condicionantes e actuacións a desenvolver especificados nos apartados anteriores en relación á execución da obra.

Na descrición dos diferentes condicionantes e actuacións indicados en apartados anteriores, se inclúe a peculiaridade de cada un e a súa incidencia, pero non se cuantifica en porcentaxe, prazo ou noutra escala de influencia na obra.

Se considera que a xustificación non se adecúa convenientemente ao obxecto do apartado, ao non presentar o grado de incidencia.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Páx. 7 de 104



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 22/11/2016 15:12

Páxina 7 de 104

Expediente 4051/440

Código de verificación: 25E84-DADE8-D855E-C2E32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 4.051/440

Se considera un desenvolvemento detallado da análise das actuacións a desenvolver con abundante información gráfica. Sen embargo se considera que non se desenvolve convenientemente as actividades importantes da obra como os aspectos que inciden no desenvolvemento desta, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. Tampouco se describen os condicionantes do proxecto, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. Ademais se considera que tampouco se desenvolve convenientemente o grado de incidencia dos condicionantes e actuacións, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, sumado os tres descontos, se alcanza unha puntuación de **3,85 PUNTOS**.

b) Análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra, e a súa explicación gráfica: se valorará con ata 7 puntos.

- O estudo das afeccións dos condicionantes externos do contorno da obra (tráfico, climatolóxicos e usos específicos do contorno de actuación).

Na descripción da memoria indícanse e se desenrolan as diferentes afeccións que existen no **tráfico** peonil e rodado, aparcamento ou a influencia da fábrica de Citroen.

Indícanse e se desenrolan os principais **usos do entorno** destacando a zona industrial con referencia a Citroen, as diferentes estancias do estadio, bombeiros e pabellón deportivo.

En canto aos **factores climatolóxicos**, plantéxase coeficiente reductores para cada actividade según a influencia das condicións meteorolóxicas, con indicación e xustificación para a obtención dos valores.

Se considera un desenvolvemento detallado e gráfico adecuado das principais afeccións do entorno, no referente a tráfico, usos do entorno e climatoloxía.

- As medidas que permiten simultanear a obras coas actividades cotiás do entorno (campamento de obra, desvíos de tráfico e fases de obra).

Plantea o licitador a execución da obra en tres **fases**, con desenrolo de cada unha de elas, tendo en conta a afección a implantación de vallado: etapa 1, ata o comezo dos traballos de desmontaxe da cuberta existente, etapa 2 ata a finalización da colocación da nova cuberta e etapa 3 ata a finalización da obra.

Inclúese unha distribución gráfica do **campamento de obra** atendendo ao resto de condicionantes do entorno, diferenciado según as fases de obra, ubicado próximo a grada de Marcador.

Presentanse **medidas de tráfico**, según as fases da obra e con proposta gráfica adecuada de desvío, con indicación de aparcamento en superficie e proposta de recorrido peonil e rodado.

Se considera adecuadas e detalladas as medidas consideradas, apoiadas en abundante información gráfica e resumos das propostas.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.





Expte. 4.051/440

Se considera un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no enunciado, tanto das afeccións dos condicionantes externos como das medidas que permiten simultanear a obra coas actividades do entorno, con abundante información gráfica, polo que se alcanza unha puntuación de 7 PUNTOS.

c) Proposta de planificación da obra en relación aos períodos de execución e aos equipos materiais e humanos que se propoñen para a execución da obra, xustificando a coherencia da proposta realizada en relación aos prazos de execución propostos: se valorará con ata 7 puntos.

- A planificación da obra en relación a determinación dos medios necesarios para a execución da mesma, tales como persoal, instalacións, equipos e materiais.

Presenta a oferta un inclusión de histograma de recursos humanos.

Indicase os rendementos e dimensionamento equipos, así como as actividades asociadas a cada equipo, e asignación de operarios, maquinaria e instalación a cada equipo.

Recollense os rendementos das diferentes unidades de obra.

Considerase un desenrolo detallado e xustificado en relación aos medios necesarios na obra, pero con escaso desenvolvemento gráfico ou pouco ordenado e intuitivo.

- A xustificación da coherencia da proposta en relación aos prazos de execución propostos con indicación de folgas e camiños críticos.

Aporta un diagrama de Gant coas principais unidades de obra e indicación do camiño crítico. Se recolle táboa con indicación de holgas do camiño crítico.

Se considera un desenvolvemento gráfico detallado e completo da proposta de planificación acorde aos traballos a executar.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Se considera un desenvolvemento gráfico detallado dos puntos incluídos no enunciado, en canto a planificación e xustificación da coherencia, con especificación de equipos, medios e materiais e indicación de camiño crítico e holgas, alcanzando unha puntuación de 7,00 PUNTOS.

B.2.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 2,6 MB e 20 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata 5 puntos.

a) Plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto: se valorará con ata 3 puntos.

- Medidas que propón o licitador para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar.





Expte. 4.051/440

Indicase que as empresas que conforman a UTE posúe sistema de xestión de calidade certificado según a norma ISO 9001:2008.

Plantexa o licitador únicamente un esquema secuencial da planificación e seguemento da execución e control de execución e do control que se vai establecer.

Considerase que se desenvolve escasamente medidas para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar.

- Plan específico de control de calidade no cal se indique a diversidade dos ensaios de control de calidade a executar, identificando as unidade de obra a controlar durante a súa execución.

Propón un plan de control de calidade a maiores do proxecto, no que se realizan diversos tipos de ensaios, con indicación de presuposto. Recolle ensaios de revisión do proxecto de execución (reforzos), diversidade ampla de ensaios dos diferentes materiais a empregar na obra (en cuberta gradería, fachada, cuberta pabellón, acondicionamento xeral...), diversidade de ensaios de avaliación dos elementos de contorno (estado de conservación estrutura formigón) e tamén recolle diversidade ampla de ensaios de unidades de control de execución.

Considerase que presenta un plan detallado e adecuado con diversidade de ensaios nas diferentes unidades de obras, control de execución, estado existente do contorno e de revisión das hipótesis de proxecto.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Considerase que presenta un desenvolvemento dos puntos incluídos, pero botase en falta desenvolvemento das medidas para garantir a calidade polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. Así mesmo presenta diversidade de ensaios, todos eles adecuados a obra, incluso ensaios de control das condicións de contorno existente e das comprobacións de proxecto polo que se alcanza unha puntuación de **2,55 PUNTOS**.*

b) Plan de auto control interno da empresa: se valorará con ata 2 puntos.

- Plan de autocontrol interno da empresa en aqueles procesos relacionados directamente coa execución do obxecto da obra.

Inclúese unha relación dos procedementos a seguir e dos PPIs relacionados directamente coa obra.

Considerase adecuado e detallado o plan proposto.

- Organización dedicada ao control de calidade.

Inclúese organigrama de aseguramento da calidade con descripcións das funcións de cada un dos postos e indicación de xerarquías e dependencias, e asignación de persoas cunha exposición gráfica intuitiva e detallada. Ademais se presenta material necesario.

Considerase adecuado e detallado desenvolvemento da organización adicada ao control de calidade.





Expte. 4.051/440

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Considérase que presenta un desenvolvemento xeral detallado dos puntos incluídos dentro do plan de auto control interno da empresa, polo que neste apartado se alcanza unha puntuación de **2 PUNTOS**.

B.3.- PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 1,6 MB e 20 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará **con ata 4 puntos**.

a) Memoria descritiva das boas prácticas na execución da obra que permita reducir o consumo enerxético ou de materias primas: se valorará con ata 2 puntos.

A oferta enumera diversas medidas de redución de consumo enerxético, redución de consumo de auga e redución de consumo de combustibles e outros materiais. Tódalas medidas presentadas son xenéricas.

Se destaca tamén que as empresas que conforman a UTE posúen sistema de xestión ambiental, certificado según a norma ISO 14001:2004.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Tódalas medidas presentadas son xenéricas, e se considera que non están desenvoltas para a obra concreta, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado por falta de desenvolvemento das medidas para reducir o consumo enerxético e **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado por falta de desenvolvemento das medidas para reducir o consumo de materias primas, que sumado o desconto anterior se alcanza unha puntuación de **1,40 PUNTOS**.

b) Memoria descritiva das actuacións para a redución das emisións contaminantes á atmósfera, recollida selectiva de residuos ou procesos de reciclado: se valorará con ata 2 puntos.

A oferta enumera diversas medidas de redución de emisións contaminantes. Estas medidas presentadas son xenéricas.

En canto a recollida selectiva e reciclado o licitador plantexa unha serie de accións xenéricas. Indícanse procesos de reciclado según a tipoloxía de material. Ademais se destaca a afección ao cauce do Río Lagares, plantexase ubicación de punto limpo e se plantexa a xestión de residuos específica e acorde a diferenciación de tipoloxías de materias da obra en concreto.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.





Expte. 4.051/440

Tódalas medidas presentadas para a redución das emisións contaminantes son xenéricas, e se considera que non están desenvoltas para a obra concreta, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. En canto a recollida selectiva e residuos, considerase se especifican varias actuacións para a obra en concreto, polo que se alcanza unha puntuación de **1,70 PUNTOS**.

B.4.- EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS Á OBRA.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 2,93 MB e 20 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará **con ata 5 puntos**.

a) Organización dos recursos humanos: se valorará con ata 2 puntos.

Un organigrama e a descrición e xustificación das actuacións, dedicacións e funcións do equipo humano que se propoña adscribir á obra.

Para este apartado o licitador deberá achegar información gráfica, esquemas e diagramas adecuados á peculiaridade da proposta de organización e da obra

O licitador presenta dun modo pormenorizado e detallado o organigrama do equipo técnico humano que se propón adscribir a obra, co posto de traballo que ocupará cada un, incluíndose tanto ao persoal técnico como ao persoal que formará parte dos diversos equipos de operarios que desenvolverán as súas funcións na obra (chegándose a formar 22 equipos diferentes -electricidade, aliantados, demontaxe cubertas e fachadas, etc.

O equipo que se presenta é adecuado á obra. Proponse un equipo técnico composto por 12 técnicos, así como 3 encargados para diferentes traballos da obra (arquitectura, estrutura e instalacións) o que se considera adecuado debido á entidade e especificidade da obra. O persoal de oficios proposto é de 50 operarios, dividido nos diferenetes equipos propostos.

Non se describen e xustifican adecuadamente as actuacións dos profesionais que conforman o equipo de recursos humanos nas diferentes fases da obra, a súa concreta intervención durante o proceso constructivo así como a xustificación da determinación do seu número e atribucións. Aportase información gráfica cun organigrama detallado da proposta de organización da obra.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Respecto ao primeiro apartado, non se considera desenvolto a xustificación das funcións e dos equipos durante as fases da obra, nin a adicación dos mesmos, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de **1,70 puntos**.

b) Experiencia, cualificación e formación do equipo humano: valorárase con ata 3 puntos.

Páx. 12 de 104



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 22/11/2016 15:12

Páxina 12 de 104

Expediente 4051/440

Código de verificación: 25E84-DADE8-D855E-C2E32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 4.051/440

Especificación da experiencia acreditada en relación ás peculiaridades de cada posto de traballo descrito, a cualificación e formación.

Este equipo deberá atoparse identificado e adaptado ás peculiaridades propias desta obra, valorándose a alta experiencia acreditada en obras similares así como a cualificación e formación en obras de similares características, debendo achegarse unha proposta específica de compromiso de adscrición á obra dos profesionais que vaian intervir.

Proponse un equipo de recursos humanos formado por 12 técnicos, así como 3 encargados para diferentes traballos da obra (arquitectura, estrutura e instalacións) o que se considera adecuado debido á entidade e especificidade da obra. O persoal de oficios proposto é de 50 operarios.

Acréditase alta experiencia en obra similares ás que se está a licitar por parte de diferentes postos relevantes do equipo humano (delegado de obra, xefe de obra, xefe produción arquitectura, encargado arquitectura, xefe produción estruturas, etc), así como dos diferentes membros que integrarán os equipos de oficios.

Os mesmos contan con experiencia en obra de importes iguais ou superiores á que se licita, así como experiencia acreditada en obras similares de reforma de estadios de fútbol (campo de fútbol do C.F. Getafe -ampliación do mesmo-, Campo de Fútbol de Pasarón, Estadio Olímpico de Sevilla, estadio Gran Canaria). Tense en conta a alta experiencia acreditada polos membros do equipo de recursos humanos a desenvolver a obra.

Considerase adecuado en xeral a proposición de técnicos en canto a cantidade e titulación para o desenrolo da obra así como a experiencia en obras similares (entre os diferentes técnicos da obra figuran enxeñeiro de camiños, enxeñeiro industrial, enxeñeiro técnico industrial, arquitectos enxeñeiros técnicos topografía, etc)

O licitador comprometese a manter estes medios humanos durante todo o periodo de tempo que se precise durante a execución da obra en funcións das competencias de cada un.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Presentase polo licitador unha proposta de equipo de recursos humanos, con alta experiencia en obras similares, cualificación e formación axeitada, e con compromiso de adscrición dos profesionais a intervir na obra, polo que se alcanza neste apartado unha puntuación de **3,00 puntos**.*

Páx. 13 de 104



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 22/11/2016 15:12

Páxina 13 de 104

Expediente 4051/440

Código de verificación: 25E84-DADE8-D855E-C2E32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 4.051/440

(VALORACIÓN SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”)
S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS COPASA

B.1.- MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 9,6 MB e 50 follas, polo que non se supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **21 puntos**.

a) Análise da actuación a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar: se valorará con ata 7 puntos.

- A análise das actuacións a desenvolver incluídas dentro do proxecto.

A memoria presenta as actuacións a levar a cabo no proxecto con esquemas gráficos detallados, tanto da malla espacial, da cuberta da grada, da cuberta do pabellón, da actuación en fachada. Ademais se analiza a actuación de reforzo estrutural, acondicionamento xeral, instalacións eléctricas e actuacións en aseos.

Se considera un desenvolvemento detallado e analizado das principais actuacións a desenvolver dentro do proxecto, con abundante información gráfica.

- Descrición das actividades importantes da execución da obra.

A memoria presenta unha ampla descrición das principais actividades de obra a levar a cabo no proxecto e dos procesos constructivos máis importantes, no relativo a desmontaxe de cuberta, izado e montaxe da nova cuberta, reforzo da estrutura, montaxe de cubrición e fachada e cuberta do pabellón.

Todo elo se presenta con abundante información gráfica.

Se considera un desenvolvemento detallado dos procesos e actividades máis importantes da execución da obra.

- Condicionantes definidos no proxecto.

Ao longo da exposición destácase entre outros como condicionantes do proxecto: o estado da estrutura previo a obra, o uso das gradas e a relación coas definicións de proxecto e elementos asociados, o cronograma de execución das obras e o mantemento do servizo das instalacións.

Se considera unha adecuada exposición dos principais condicionantes do proxecto cun desenvolvemento detallado.

- Determinación do grado de incidencia dos condicionantes e actuacións a desenvolver especificados nos apartados anteriores en relación á execución da obra.

Na descrición dos diferentes condicionantes e actuacións indicados en apartados anteriores, se inclúe a peculiaridade de cada un e a súa incidencia e fase de obra a que afectan, pero non se cuantifica en porcentaxe, prazo ou noutra escala de influencia na obra.





Expte. 4.051/440

Se considera que a xustificación non se adecúa convenientemente ao obxecto do apartado, ao non presentar o grado de incidencia.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Se considera un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no enunciado, tanto da análise das actuacións a desenvolver incluídas dentro do proxecto como das actividades importantes da obra como dos aspectos que inciden no desenvolvemento desta e dos condicionantes, todo elo cun detalle gráfico adecuado. Sen embargo se considera que non se desenvolve convenientemente o grado de incidencia dos condicionantes e actuacións, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de **5,95 PUNTOS**.*

b) Análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra, e a súa explicación gráfica: se valorará con ata 7 puntos.

- **O estudo das afeccións dos condicionantes externos do contorno da obra (tráfico, climatolóxicos e usos específicos do contorno de actuación).**

*Na descripción da memoria indicanse as diferentes afeccións que existen no **tráfico** peonil e rodado, aparcamento ou a influencia da fábrica de Citroen no entorno da obra.*

*Indicanse e se desenrolan os principais **usos do entorno** destacando a zona industrial con referencia a Citroen, as diferentes estancias do estadio, bombeiros, pabellón deportivo, Río Lagares ou as festas no entorno.*

*En canto aos **factores climatolóxicos**, plantéxase coeficiente reductores para cada actividade según a influencia das condicións meteorolóxicas, con táboas xustificativas para a obtención dos valores.*

Contemplase o calendario de actividades do estadio.

Se considera un desenvolvemento detallado e gráfico adecuado das principais afeccións do entorno, no referente a tráfico, usos do entorno e climatoloxía.

- **As medidas que permiten simultanear a obras coas actividades cotiás do entorno (campamento de obra, desvíos de tráfico e fases de obra).**

*Plantea o licitador a execución da obra en tres **fases** tendo en conta a afección a usuarios e partidos, co extensa descripción dos traballos e procedementos en cada unha de elas: fase 1, coincidindo cos meses que se celebre a liga actual, fase 2, a realizar no parón entre torneos e fase 3 co reinicio do torneo de liga.*

*Incluese unha distribución gráfica do **campamento de obra** atendendo ao resto de condicionantes do entorno, diferenciado según as fases de obra, ubicado próximo a grada de Gol.*





Expte. 4.051/440

Presentanse **medidas de tráfico** con proposta gráfica escasa de circulación peonil e rodada, sen indicación adecuadas de aparcamento, nin especificación dos días de partido.

Se considera adecuadas e detalladas as medidas consideradas para o campamento de obra e o faseado, pero non se considera desenvoltas as medidas de tráfico, sen apoio en abundante información gráfica e resumos das propostas.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Se considera un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no enunciado, tanto das afeccións dos condicionantes externos como das medidas que permiten simultanear a obra coas actividades do entorno, con abundante información gráfica, salvo para desvío de tráfico polo que se **desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, polo que se alcanza unha puntuación de **5,95 PUNTOS**.

c) Proposta de planificación da obra en relación aos períodos de execución e aos equipos materiais e humanos que se propoñen para a execución da obra, xustificando a coherencia da proposta realizada en relación aos prazos de execución propostos: se valorará con ata 7 puntos.

- A planificación da obra en relación a determinación dos medios necesarios para a execución da mesma, tales como persoal, instalacións, equipos e materiais.

Indicase os rendementos e dimensionamento equipos, así como as actividades asociadas a cada equipo, e asignación de operarios, maquinaria e instalación a cada equipo.

Recollense os rendementos das diferentes unidades de obra.

Considerase un desenrolo detallado e xustificado en relación aos medios necesarios na obra.

- A xustificación da coherencia da proposta en relación aos prazos de execución propostos con indicación de folguras e camiños críticos.

Aporta un diagrama de Gant coas unidades de obra e indicación do camiño crítico. Se recolle táboa con indicación de holguras do camiño crítico.

Se considera un desenvolvemento gráfico pouco detallado da proposta de planificación tendo en conta os traballos a executar e os hitos durante o desenrolo das obras, e no relativo ao camiño crítico e holguras.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Se considera un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no enunciado, en canto a planificación e xustificación da coherencia e aos prazos de execución, con especificación de equipos, medios e materiais, salvo ao desenvolvemento gráfico no relativo aos diagramas de gant e camiño crítico e holguras, polo que se **desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de **5,95 PUNTOS**.

B.2.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE.





Expte. 4.051/440

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 1,90 MB e 20 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata 5 puntos.

a) Plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto: se valorará con ata 3 puntos.

- Medidas que propón o licitador para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar.

Presentanse as seguintes medidas, con desenvolvemento de cada unha: Revisión do contrato, emisión dos documentos de calidade, control da documentación e datos, control da xestión de compras, control de acopios, inspección e ensaio en proxecto, controis e probas finais, control de equipos de medida e ensaio, non conformidades, fragmentación da obra, sistema de arquivo da documentación, auditorías internas, informes a DF-AT e dereitos de acceso.

Considerase que se desenvolve convenientemente as medidas para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar.

- Plan específico de control de calidade no cal se indique a diversidade dos ensaios de control de calidade a executar, identificando as unidades de obra a controlar durante a súa execución.

Propón un plan de control de calidade a maiores do proxecto, no que se realizan diversos tipos de ensaios, con indicación de presuposto. Recolle ensaios de revisión do proxecto de execución (Estructura, instalacións, desmontaxes...), diversidade ampla de ensaios dos diferentes materiais a empregar na obra (Estructura metálica, pavimentos...), amplitude e diversidade de ensaios de avaliación dos elementos de contorno (estado malla espacial, estado arquitectónico, instalacións, xeotécnico, iluminación, maqueta estadio...) e tamén recolle diversidade ampla de ensaios de unidades de control de execución, e propón asistencia técnica de obra. Ademais se presenta cronograma para a execución dos traballos indicados con anterioridade.

Considerase que presenta un plan detallado e adecuado con diversidade de ensaios nas diferentes unidades de obras, control de execución, estado existente do contorno e de revisión das hipóteses de proxecto.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Considerase que presenta un desenvolvemento das medidas para controlar e garantir a calidade, ademais presenta diversidade de ensaios, todos eles adecuados a obra, cunha adecuada proposta de ensaios de control das condicións de contorno e das comprobacións de proxecto, todo elo cun detalle gráfico adecuado, polo que se alcanza unha puntuación de 3 PUNTOS.

b) Plan de auto control interno da empresa: se valorará con ata 2 puntos.

- Plan de autocontrol interno da empresa en aqueles procesos relacionados directamente coa execución do obxecto da obra.

Páx. 17 de 104



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 22/11/2016 15:12

Páxina 17 de 104

Expediente 4051/440

Código de verificación: 25E84-DADE8-D855E-C2E32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 4.051/440

Incluese unha relación dos procedementos a seguir relacionados directamente coa obra, en concreto: *Descrición da obra, Organización da obra e distribución de funcións, revisión do proxecto, compras, divisions e identificación das undades de obra, control de materiais, plan de ensaios e probas finais, control de procesos, listado de planos e listado de non conformidades, listado de medicións, arquivo de documentación, auditorías internas reclamacións de clientes. Todos estes se detalla o procedemento a seguir. Así mesmo se inclue detalle dos principais puntos de inspección das principais actuación a levar a cabo na obra*

Considerase adecuado e detallado o plan proposto e relacionado directamente coa obra.

- Organización dedicada ao control de calidade.

Incluese organigrama de aseguramento da calidade pouco detallado, con descripcións das funcións de cada un dos postos e indicación de xerarquías e dependencias escaso, con asignación de persoas e cunha exposición gráfica escasa.

Considerase adecuado a organización de control de calidade pero pouco detallado.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Considérase que presenta un desenvolvemento xeral detallado dos puntos incluídos dentro do plan de auto control interno da empresa, pero bótase en falta maior grado de detalle no desenrolo da organización dedicada ao control de calidade polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, polo que se alcanza unha puntuación de **1,70 PUNTOS**.*

B.3.- PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS.

*O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 1,1 MB e 18 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará **con ata 4 puntos**.*

a) Memoria descritiva das boas prácticas na execución da obra que permita reducir o consumo enerxético ou de materias primas: se valorará con ata 2 puntos.

A oferta enumera diversas medidas de redución de consumo enerxético, redución de consumo de auga e redución de consumo de combustibles e outros materiais. Entre elas destaca a proposta de reutilización de auga de regadío do cespede mediante bombeo desde aljibe e o desenrolo da optimización e mellora dos despuntes da estrutura metálica, tanto barras como chapas. En canto a redución de consumo enerxético plantexase a montaxe e desmontaxe en menos módulos dos previstos en proxecto.

Se destaca tamén que o licitador posúe sistema de xestión ambiental, certificado según a norma ISO 14001:2004.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Páx. 18 de 104



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 22/11/2016 15:12

Páxina 18 de 104

Expediente 4051/440

Código de verificación: 25E84-DADE8-D855E-C2E32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 4.051/440

As medidas para reducir o consumo enerxético presentadas son xenéricas, e se considera que non están desenvoltas para a obra concreta, salvo a redución de módulos que non se considera suficientemente desenvolada polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. En canto as medidas para reducir o consumo de materias primas, se especifica medidas concretas para a redución do uso da auga e de outros materias polo que non se desconta neste contido, polo que se alcanza unha puntuación de **1,70 PUNTOS**.

b) Memoria descriptiva das actuacións para a redución das emisións contaminantes á atmósfera, recollida selectiva de residuos ou procesos de reciclado: se valorará con ata 2 puntos.

A oferta enumera diversas medidas de redución de emisións contaminantes. Estas medidas presentadas son xenéricas para calqueira obra e non presentan especificidade.

En canto a recollida selectiva e reciclado o licitador plantexa unha serie de accións xenéricas.

Indícanse procesos xenéricos de reciclado según a tipoloxía de material.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Tódalas medidas presentadas para a redución das emisións contaminantes son xenéricas, e se considera que non están desenvoltas para a obra concreta, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. En canto a recollida selectiva e residuos, considerase igualmente que presenta medidas xenéricas, que non se especifican para a realidade da obra, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. Sumados os descontos se alcanza unha puntuación de **1,40 PUNTOS**.

B.4.- EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS Á OBRA.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 2,67 MB e 20 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará **con ata 5 puntos**.

a) Organización dos recursos humanos: se valorará con ata 2 puntos.

Un organigrama e a descrición e xustificación das actuacións, dedicacións e funcións do equipo humano que se propoña adscribir á obra.

Para este apartado o licitador deberá achegar información gráfica, esquemas e diagramas adecuados á peculiaridade da proposta de organización e da obra

O licitador presenta un organigrama detallado do equipo técnico humano que se propón adscribir a obra. Así mesmo presenta unha detallada descrición das funcións de cada un. Describe especificamente as funcións a desenvolver polo equipo de recursos humanos adscritos á obra nas diferentes fases da mesma así como os equipos de operarios que desenvolverán as súas funcións na mesma.





Expte. 4.051/440

O equipo que se presenta é adecuado á obra. Proponse un equipo técnico composto por 20 técnicos, así como a adscripción dun equipo de 8 encargados para os diferentes equipos de traballo da obra, dispoñéndose por tanto dun encargado específico para cada un deles (estructura y reforzos, revestimentos e cubertas, instalacións, etc), así como dun encargado xeral.

Tamén se propón unha figura específica de adxunto ao delegado de obra con funcións de coordinación coa propiedade e co usuario do Estadio municipal, á vista da especial necesidade de da mesma debido a que durante o período de duración das obras se desenvolverá o uso no mesmo.

Xustifícase adecaudamente o nivel de dedicación á obra do persoal proposto (100% no caso do persoal técnico e dos encargados).

Descríbense e xustifícanse as actuacións a desenvolver nos diferentes momentos da obra polo persoal proposto. Apórtanse gráficos do persoal total que se destinará á obra nas diferentes fases chegando en determinados momento a un número de 70. Non se detalla a asignación do persoal operario aos diferentes equipos no que se organiza a obra.

Aporta abundante e adecuada representación gráfica do equipo de recursos humanos que propón para a obra, a súa estrutura, funcións e adicacións nas fases da obra, etc.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Presentase polo licitador un organigrama detatallo, describindo e xustificando adecuadamente as actuacións nas diferentes fases da obra, coas funcións e adicación do equipo proposto e cun desenvolvemento detallado gráficoadequado. Non se detalla na organización os operarios que se ascriben a cada un dos equipos, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. Acánzase por tanto a puntuación de **1,70 puntos**.*

b) Experiencia, cualificación e formación do equipo humano: valorárase con ata 3 puntos.

Especificación da experiencia acreditada en relación ás peculiaridades de cada posto de traballo descrito, a cualificación e formación.

Este equipo deberá atoparse identificado e adaptado ás peculiaridades propias desta obra, valorándose a alta experiencia acreditada en obras similares así como a cualificación e formación en obras de similares características, debendo achegarse unha proposta específica de compromiso de adscripción á obra dos profesionais que vaian intervir.

Proponse un equipo de recursos humanos formado por 20 técnicos, así como a adscripción dun equipo de 8 encargados para os diferentes equipos de traballo da obra, dispoñéndose por tanto

Páx. 20 de 104



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 22/11/2016 15:12

Páxina 20 de 104

Expediente 4051/440

Código de verificación: 25E84-DADE8-D855E-C2E32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 4.051/440

dun encargado específico para cada un deles (estructura y reforzos, revestimentos e cubertas, instalacións, etc), así como dun encargado xeral.

Acréditase alta experiencia en obra similares ás que se está a licitar por parte de diferentes postos relevantes do equipo humano (delegado de obra, adxunto ao delegado de obra e coordinador coa propiedade, xefe de obra, xefe de seguridade e saúde, xefe oficina técnica, responsable de medicións e planificación), así como do persoal que integrará os equipos de oficios. Tanto os citados postos, como outros dos equipo proposto, contan con experiencia en obra de importes iguais ou superiores á que se licita, así como experiencia acreditada en obras similares de reforma de estadios de fútbol (dous estadios de fútbol en Chile, obra de reforma de grada de tribuna de Balaídos, obras de reforma da grada de Preferencia en Balaídos).

Considerase adecuado a proposición de técnicos en canto a cantidade e titulación para o desenvolvemento da obra (o delegado da obra e o xefe da mesma contan coa titulación de Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos, o adxunto ao delegado de obra arquitecto técnico, o técnico de calidade das instalacións enxeñeiro técnico industrial, etc), así como a experiencia en obras similares, sendo a experiencia media do persoal técnico superior a 20 anos.

O licitador comprométese a manter estes medios humanos durante todo o período de tempo que se precise durante a execución da obra en funcións das competencias de cada un.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Presentase polo licitador unha proposta de equipo de recursos humanos, con alta experiencia, cualificación e formación adecuada, así como unha declaración de mantemento dos medios humanos, . Alcázase por tanto a puntuación de **3,00 puntos**.*

(VALORACIÓN SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”) UTE VIVIENDAS Y OBRAS CIVILES SA E CONSTRUCCIONES RUESMA, S.A.

B.1.- MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA.

*O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 6,6 MB e 50 follas, polo que non se supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **21 puntos**.*

a) Análise da actuación a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar: se valorará con ata 7 puntos.

- A análise das actuacións a desenvolver incluídas dentro do proxecto.

A memoria presenta as actuacións a levar a cabo no proxecto con esquemas gráficos detallados, tanto da malla espacial, da cuberta da grada, da cuberta do pabellón, da actuación en fachada





Expte. 4.051/440

todo elo con indicación dos detalles da actuación. Ademáis se analiza a actuación de reforzo estrutural, acondicionamento xeral, instalacións eléctricas e actuacións en aseos.

Se considera un desenvolvemento detallado e analizado das principais actuacións a desenvolver dentro do proxecto, con abundante información gráfica.

- Descrición das actividades importantes da execución da obra.

A memoria presenta unha indicación das actividades de desmontaxe e montaxe da estrutura de cuberta, reforzo da estrutura, montaxe de cubrición e fachada e cuberta do pabellón. pero non se desenrola convenientemente estes procesos constructivos a levar a cabo.

Se considera un desenvolvemento pouco detallado dos procesos e actividades máis importantes da execución da obra.

- Condicionantes definidos no proxecto.

Ao longo da exposición destácase entre outros: servizos afectados, Lagares, prazo de execución entre outros, pero non se desenrolan convenientemente outros condicionantes do proxecto importantes como as obras previas executadas na grada de río, o estado da estrutura, a influencia da acción do vento, o uso das gradas e o cronograma de execución das obras.

Se considera unha escasa exposición dos principais condicionantes do proxecto.

- Determinación do grado de incidencia dos condicionantes e actuacións a desenvolver especificados nos apartados anteriores en relación á execución da obra.

Na descrición dos diferentes condicionantes e actuacións indicados en apartados anteriores, se inclúe a peculiaridade de cada un e a súa incidencia, pero non se cuantifica en porcentaxe, prazo ou noutra escala de influencia na obra.

Se considera que a xustificación non se adecúa convenientemente ao obxecto do apartado, ao non presentar o grado de incidencia.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Se considera un desenvolvemento detallado da análise das actuacións a desenvolver con abundante información gráfica. Sen embargo se considera que non se desenvolve convenientemente as actividades importantes da obra como dos aspectos que inciden no desenvolvemento desta, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. Tampouco se describen os condicionantes do proxecto, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. Ademáis se considera que tampouco se desenvolve convenientemente o grado de incidencia dos condicionantes e actuacións, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, sumado os tres descontos, se alcanza unha puntuación de **3,85 PUNTOS**.*

b) Análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra, e a súa explicación gráfica: se valorará con ata 7 puntos.

Páx. 22 de 104



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 22/11/2016 15:12

Páxina 22 de 104

Expediente 4051/440

Código de verificación: 25E84-DADE8-D855E-C2E32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 4.051/440

- O estudo das afeccións dos condicionantes externos do contorno da obra (tráfico, climatolóxicos e usos específicos do contorno de actuación).

Na descripción da memoria non se indican nin se desenrolan convenientemente as diferentes afeccións que existen no **tráfico** peonil e rodado e aparcamento.

Tampouco se desenrolan convenientemente os principais **usos do entorno**, máis alá de foto aérea con algúns dos usos permanentes do ámbito de actuación. Non se desenrola entre outros a zona industrial con referencia a Citroen, as diferentes estancias do estadio, bombeiros, pabellón deportivo, Río Lagares ou as festas no entorno.

En canto aos **factores climatolóxicos**, plantéxase coeficiente reductores para algunhas actividades, pero non se presentan nin táboas xustificativas nin procedemento de definición dos citados factores.

Se considera un desenvolvemento escaso no referente as afeccións climatolóxicas e de usos do entorno, sen desenvolvemento gráfico. Pola contra se considera xustificado e desenvolto as afeccións por de tráfico.

- As medidas que permiten simultanear a obras coas actividades cotiás do entorno (campamento de obra, desvíos de tráfico e fases de obra).

Plantea o licitador a execución da obra en tres **fases** tendo en conta a a implantación no entorno con desenrolo de cada unha de elas.

Incluese unha distribución gráfica do **campamento de obra** atendendo ao entorno, ubicado próximo a grada de marcador.

Se presentan **medidas de tráfico** concretas, definidas e desenroladas con indicación de recorridos peonís, rodados, e para accesos ao estadio e acceso operarios e desvíos.

Se considera adecuadas e detalladas as medidas consideradas para simultanear coas actividades cotiás do entorno con desenrolo gráfico adecuado.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Se considera un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no enunciado, tanto das afeccións dos condicionantes externos como das medidas que permiten simultanear a obra coas actividades do entorno, con abundante información gráfica, salvo para as afeccións dos usos do entorno da obra polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. Ademais tamén se considera falta de desenrolo das afeccións climatolóxicas polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. Sumados os descontos se alcanza unha puntuación de **4,90 PUNTOS**.

c) Proposta de planificación da obra en relación aos períodos de execución e aos equipos materiais e humanos que se propoñen para a execución da obra, xustificando a coherencia da proposta realizada en relación aos prazos de execución propostos: se valorará con ata 7 puntos.





Expte. 4.051/440

- **A planificación da obra en relación a determinación dos medios necesarios para a execución da mesma, tales como persoal, instalacións, equipos e materiais.**

Non desenrola suficientemente os rendementos e dimensionamento equipos humanos, así como as actividades asociadas a cada equipo, e asignación de operarios.

Considerase adecuada a relación de maquinaria

Considerase un desenrolo pouco detallado e xustificado en relación aos medios humanos e a relación cos equipos necesarios na obra.

- **A xustificación da coherencia da proposta en relación aos prazos de execución propostos con indicación de folguras e camiños críticos.**

Aporta un diagrama de Gant coas unidades de obra e indicación do camiño crítico. Se recolle táboa con indicación de holguras do camiño crítico.

Se considera un desenvolvemento gráfico pouco detallado da proposta de planificación tendo en conta os traballos a executar e os hitos durante o desenrolo das obras, e no relativo ao camiño crítico e holguras.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Se considera un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no enunciado, en canto a planificación e xustificación da coherencia e aos prazos de execución, pero sen especificación de equipos, medios polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, tampouco presenta desenvolvemento gráfico adecuado no relativo aos diagramas de gant e camiño crítico e holguras, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de **4,90 PUNTOS**.*

B.2.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE.

*O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 0,6 MB e 20 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **5 puntos**.*

a) Plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto: se valorará con ata 3 puntos.

- **Medidas que propón o licitador para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar.**

Presentanse as seguintes medidas, con desenrolo de cada unha: Revisión do contrato, emisión dos documentos de calidade, control da documentación e datos, control da xestión de compras, control de acopios, inspeccion e ensaio en proxecto, controis e probas finais, control de equipos de medida e ensaio, non conformidades, fragmentación da obra, sistema de arquivo da documentación, auditorías internas, informes a DF-AT e dereitos de acceso.

Considerase que se desenvolve convenientemente as medidas para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar.

Páx. 24 de 104



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 22/11/2016 15:12

Páxina 24 de 104

Expediente 4051/440

Código de verificación: 25E84-DADE8-D855E-C2E32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 4.051/440

- **Plan específico de control de calidade no cal se indique a diversidade dos ensaios de control de calidade a executar, identificando as unidade de obra a controlar durante a súa execución.**

Propón un plan de control de calidade a maiores do proxecto, no que se realizan diversos tipos de ensaios, con indicación de presuposto. Recolle ensaios de revisión do proxecto de execución (Estructura, instalacións...), diversidade ampla de ensaios dos diferentes materiais a empregar na obra (Estructura metálica, pavimentos...), amplitude e diversidade de ensaios de avaliación dos elementos de contorno (estado malla espacial, estado arquitectónico, instalacións, xeotécnico, iluminación...) e tamén recolle diversidade ampla de ensaios de unidades de control de execución, e propón asistencia técnica de obra. Ademais se presenta cronograma para a execución dos traballos indicados con anterioridade.

Considerase que presenta un plan detallado e adecuado con diversidade de ensaios nas diferentes unidades de obras, control de execución, estado existente do contorno e de revisión das hipóteses de proxecto.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Considerase que presenta un desenvolvemento das medidas para control e garantir a calidade, ademais presenta diversidade de ensaios, todos eles adecuados a obra, cunha adecuada proposta de ensaios de control das condicións de contorno e das comprobacións de proxecto, todo elo cun detalle gráfico adecuado, polo que se alcanza unha puntuación de **3 PUNTOS**.*

b) Plan de auto control interno da empresa: se valorará con ata 2 puntos.

- **Plan de autocontrol interno da empresa en aqueles procesos relacionados directamente coa execución do obxecto da obra.**

Indicase que a UTE posúe sistema de xestión de calidade certificado según a norma ISO 9001:2008 que presenta un dos licitadores da UTE, Ruesma, indicando que se seguerán eses procedementos sen especificar cales son nin adaptalos a obra en cuestión.

Se considera que non desenvolve os procesos relacionados directamente coa execución desta obra, soamente fala a modo xeral dos procedementos.

- **Organización dedicada ao control de calidade.**

Incluese organigrama de aseguramento da calidade pouco detallado, sen descripcións das funcións de cada un dos postos e indicación escasa de xerarquías e dependencias, con asignación de persoas e cunha exposición gráfica escasa.

Considerase adecuado a organización de control de calidade pero pouco detallado no referente a funcións e medios necesarios.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Páx. 25 de 104



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 22/11/2016 15:12

Páxina 25 de 104

Expediente 4051/440

Código de verificación: 25E84-DADE8-D855E-C2E32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 4.051/440

Considérase que non desenvolve detalladamente graficamente nin o plan de autocontrol nin a organización de calidade, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. No referente ao plan de auto control interno da empresa non especifica os procesos relacionados coa obra en concreto, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. En canto a organización de calidade, bótase en falta detalle da organización dedicada ao control de calidade con funcións e medios necesarios, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, polo que se alcanza unha puntuación total de **1,10 PUNTOS**.

B.3.- PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 0,6 MB e 20 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará **con ata 4 puntos**.

a) Memoria descritiva das boas prácticas na execución da obra que permita reducir o consumo enerxético ou de materias primas: se valorará con ata 2 puntos.

A oferta enumera diversas medidas de redución de consumo enerxético, redución de consumo de auga e redución de consumo de combustibles e outros materiais. Tódalas medidas presentadas son xenéricas.

Se destaca tamén que a empresa Ruesma posúe sistema de xestión ambiental, certificado según a norma ISO 14001:2004.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Tódalas medidas presentadas son xenéricas, e se considera que non están desenvoltas para a obra concreta, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado por falta de desenvolvemento das medidas para reducir o consumo enerxético e **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado por falta de desenvolvemento das medidas para reducir o consumo de materias primas, que sumado o desconto anterior se alcanza unha puntuación de **1,40 PUNTOS**.

b) Memoria descritiva das actuacións para a redución das emisións contaminantes á atmósfera, recollida selectiva de residuos ou procesos de reciclado: se valorará con ata 2 puntos.

A oferta enumera diversas medidas de redución de emisións contaminantes. Estas medidas presentadas son xenéricas.

En canto a recollida selectiva e reciclado o licitador plantexa unha serie de accións xenéricas. Indicanse procesos xenéricos de reciclado según a tipoloxía de material.





Expte. 4.051/440

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Tódalas medidas presentadas para a redución das emisións contaminantes son xenéricas, e se considera que non están desenvoltas para a obra concreta, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. En canto a recollida selectiva e residuos, considerase igualmente que presenta medidas xenéricas, que non se especifican para a realidade da obra, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. Sumados os descontos se alcanza unha puntuación de **1,40 PUNTOS**.

B.4.- EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS Á OBRA.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 0,50 MB e 20 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará **con ata 5 puntos**.

a) Organización dos recursos humanos: se valorará con ata 2 puntos.

Un organigrama e a descrición e xustificación das actuacións, dedicacións e funcións do equipo humano que se propoña adscribir á obra.

Para este apartado o licitador deberá achegar información gráfica, esquemas e diagramas adecuados á peculiaridade da proposta de organización e da obra

O licitador presenta un organigrama detallado do equipo técnico humano que se propón adscribir a obra, co posto de traballo que ocupará cada un. Proponse un equipo técnico composto por 13 técnicos -no que se incluí a figura de intermediación co Concello de Vigo e o usuario da instalación-, así como 3 encargados. Cada uno dos operairos adscritos ao contrato -supoñendo un total de 32.376 horas, si ben non se aclara a organización dos mesmos.

Descríbense as funcións de cada un principais postos ata encargado. Non se detalla a adicación do persoal á obra (do persoal técnico tanto so a do xefe de obra, o xefe de produción e o topógrafo).

Non se describen e xustifican adecuadamente as actuacións dos profesionais que conforman o equipo de recursos humanos nas diferentes fases da obra. En relación coa información gráfica achégase un organigrama do equipo de recursos humanos a adscribir á obra.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Respecto ao primeiro apartado, non se desenvolve a xustificación de toda a organización (número de equipos e persoal de oficios) durante as diferentes fases da obra, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, tampouco se describen e xustificación as actuacións do equipo de recursos humanos e a súa adicación á obra(polo que **se desconta un 15%**) alcanzando unha puntuación de **1,40 puntos**.

Páx. 27 de 104



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 22/11/2016 15:12

Páxina 27 de 104

Expediente 4051/440

Código de verificación: 25E84-DADE8-D855E-C2E32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 4.051/440

b) Experiencia, cualificación e formación do equipo humano: valorárase con ata 3 puntos.

Especificación da experiencia acreditada en relación ás peculiaridades de cada posto de traballo descrito, a cualificación e formación.

Este equipo deberá atoparse identificado e adaptado ás peculiaridades propias desta obra, valorándose a alta experiencia acreditada en obras similares así como a cualificación e formación en obras de similares características, debendo achegarse unha proposta específica de compromiso de adscrición á obra dos profesionais que vaian intervir.

Proponse un equipo técnico composto por 13 técnicos, así como 3 encargados. Apórtase xustificación da cualificación, formación e experiencia en obra dos membros do persoal técnico e dos encargados. Do resto do persoal non se especifica a experiencia, cualificación ou formación que van a poseer.

A cualificación e formación do persoal técnico (enxeñeiro de camiños a xefa de obra, arquitecto técnica o xefe de proxectos de edificación, enxeñeiro da camiños o xefe de produción de estruturas, enxeñeiro técnico industrial o xefe de produción de instalacións, etc), considérase adecuada para a obra.

A maior parte do persoal conta con experiencia acreditada en obras, de importes similiaers, aínda que non e se acredita en obras de características similiares á que se licita. Considerase por tanto acreditada adecuadamente a experiencia en obras pero non a alta experiencia en obras de similiaers características. Non figura compromiso expreso de mantemento do equipo de recursos humanos.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Presentase polo licitador unha proposta de equipo de recursos humanos, que non xustifica a experiencia en cada un dos postos de traballo incluíndo os equipos de obras (polo que **se desconta un 15%**) nin a alta experiencia en obra similiares de todo o persoal técnico e do resto do persoal (polo que **se desconta un 15%**), tampouco se aporta compromiso expreso de mantemento de equipo de recursos humanos, alcanzándose neste apartado unha puntuación de **1,65 puntos**.*

(VALORACIÓN SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”)

UTE ACCIONA INFRAESTRUCTURAS S.A. E CONSTRUCCIONES RAMIREZ S.L.U.

Páx. 28 de 104



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 22/11/2016 15:12

Páxina 28 de 104

Expediente 4051/440

Código de verificación: 25E84-DADE8-D855E-C2E32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 4.051/440

B.1.- MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 9,7 MB e 50 follas, polo que non se supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **21 puntos**.

a) Análise da actuación a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar: se valorará con ata 7 puntos.

- A análise das actuacións a desenvolver incluídas dentro do proxecto.

A memoria presenta as actuacións a levar a cabo no proxecto con esquemas gráficos detallados, tanto da malla espacial, da cuberta da grada, da cuberta do pabellón, da actuación en fachada. Ademais se analiza a actuación de reforzo estrutural.

Se considera un desenvolvemento detallado e analizado das principais actuacións a desenvolver dentro do proxecto, con información gráfica adecuada.

- Descrición das actividades importantes da execución da obra.

A memoria presenta unha ampla descrición das principais actividades de obra a levar a cabo no proxecto e dos procesos constructivos máis importantes, no relativo a desmontaxe de cuberta, izado e montaxe da nova cuberta, reforzo da estrutura, montaxe de cubrición e fachada e cuberta do pabellón.

Todo elo se presenta con abundante información gráfica.

Se considera un desenvolvemento detallado dos procesos e actividades máis importantes da execución da obra.

- Condicionantes definidos no proxecto.

Ao longo da exposición destácase entre outros: o uso das gradas durante as obras, as instalacións, a urbanización e o cronograma de execución das obras, pero non se destaca nin se desenrola convenientemente outros condicionantes importantes do proxecto como as obras previas executadas na grada de río, o estado da estrutura, ou a influencia da acción do vento.

Se considera unha escasa exposición dos principais condicionantes do proxecto.

- Determinación do grado de incidencia dos condicionantes e actuacións a desenvolver especificados nos apartados anteriores en relación á execución da obra.

Na descrición dos diferentes condicionantes e actuacións indicados en apartados anteriores, se inclúe a peculiaridade de cada un e a súa incidencia, pero non se cuantifica en porcentaxe, prazo ou noutra escala de influencia na obra.

Se considera que a xustificación non se adecúa convenientemente ao obxecto do apartado, ao non presentar o grado de incidencia.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Páx. 29 de 104



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 22/11/2016 15:12

Páxina 29 de 104

Expediente 4051/440

Código de verificación: 25E84-DADE8-D855E-C2E32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 4.051/440

Se considera un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no enunciado, tanto da análise das actuacións a desenvolver incluídas dentro do proxecto como das actividades importantes da obra como dos aspectos que inciden no desenvolvemento desta, todo elo cun detalle gráfico adecuado. Sen embargo se considera que non se desenvolve convenientemente os condicionantes definidos no proxecto, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. Ademais tampouco se desenrola o grado de incidencia dos condicionantes e actuacións polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de **4,90 PUNTOS**.

b) Análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra, e a súa explicación gráfica: se valorará con ata 7 puntos.

- O estudo das afeccións dos condicionantes externos do contorno da obra (tráfico, climatolóxicos e usos específicos do contorno de actuación).

Na descripción da memoria, indícanse as diferentes afeccións que existen no **tráfico** peonil e rodado e aparcamento.

Non se destacan especificamente e se desenrolan os **usos do entorno** como referencia a zona industrial con referencia a Citroen, as diferentes estancias do estadio, bombeiros, pabellón deportivo, Río Lagares ou as festas no entorno da obra.

En canto aos **factores climatolóxicos**, plantéxase coeficiente reductores para cada actividade según a influencia das condicións meteorolóxicas, con táboas xustificativas para a obtención dos valores.

Contemplanse o calendario de actividades do estadio.

Se considera un desenvolvemento detallado e gráfico adecuado das principais afeccións do entorno, no referente a tráfico e climatoloxía. No referente ao entorno se considera escaso desenvolvemento dos principais usos.

- As medidas que permiten simultanear a obras coas actividades cotiás do entorno (campamento de obra, desvíos de tráfico e fases de obra).

Plantea o licitador a execución da obra en catro **fases** tendo en conta as zonas de actuación: fase 1, cuberta de pabellón, fachada de grada de río e reforzos. Fase 2, cuberta graderío, fase 3 acondicionamento aseos, fase 4, acondicionamento xeral.

Inclúese unha distribución gráfica do **campamento de obra** atendendo ao resto de condicionantes do entorno, diferenciado según as fases de obra, ubicado no entronque coa grada de marcador.

Presentanse **medidas de tráfico** con proposta gráfica de circulación, de aparcamento en superficie e proposta de implantación e acceso de maquinaria, con especificación dos días de partido.

Se considera adecuadas e detalladas as medidas consideradas, apoiadas en abundante información gráfica e resumos das propostas.





Expte. 4.051/440

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Se considera un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no enunciado, tanto das afeccións dos condicionantes externos como das medidas que permiten simultanear a obra coas actividades do entorno, con abundante información gráfica, salvo no referente aos usos do entorno, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de **5,95 PUNTOS**.

c) Proposta de planificación da obra en relación aos períodos de execución e aos equipos materiais e humanos que se propoñen para a execución da obra, xustificando a coherencia da proposta realizada en relación aos prazos de execución propostos: se valorará con ata 7 puntos.

- A planificación da obra en relación a determinación dos medios necesarios para a execución da mesma, tales como persoal, instalacións, equipos e materiais

Indicase os rendementos e dimensionamento equipos, así como as actividades asociadas a cada equipo, e asignación de operarios, maquinaria e instalación a cada equipo.

Recollense os rendementos das diferentes unidades de obra.

Considerase un desenrolo detallado e xustificado en relación aos medios necesarios na obra, con desenvolvemento gráfico acorde.

- A xustificación da coherencia da proposta en relación aos prazos de execución propostos con indicación de folgas e camiños críticos.

Aporta un diagrama de Gant con totallas unidades de obra e indicación do camiño crítico. Se recolle así mesmo diagrama con indicación de holgas e diagrama do camiño crítico.

Se considera un desenvolvemento gráfico pouco detallado da proposta de planificación tendo en conta os traballos a executar e os hitos durante o desenrolo das obras, e no relativo ao camiño crítico e holgas.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Se considera un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no enunciado, en canto a planificación e xustificación da coherencia e aos prazos de execución, con especificación de equipos, medios e materiais, salvo ao desenvolvemento gráfico no relativo aos diagramas de gant e camiño crítico e holgas, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de **5,95 PUNTOS**.

B.2.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 1,3 MB e 20 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **5 puntos**.





Expte. 4.051/440

a) Plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto: se valorará con ata 3 puntos.

- Medidas que propón o licitador para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar.

Presentanse as seguintes medidas, con desenrolo de cada unha: Control da documentación, estudio e revisión do proxecto, control do proceso constructivo, , rexistro de inspeccións e ensaios. Ademáis se inclúe con indicación de equipos , non conformidades, arquivo de obra e auditorías internas

Considerase que se desenvolve convenientemente as medidas para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar.

- Plan específico de control de calidade no cal se indique a diversidade dos ensaios de control de calidade a executar, identificando as unidade de obra a controlar durante a súa execución.

Propón un plan de control de calidade a maiores do proxecto, no que se realizan diversos tipos de ensaios, con indicación de presuposto. Recolle ensaios de revisión do proxecto de execución (Estructura e instalacións existentes), ensaios dos diferentes materiais a empregar na obra (Estructura metálica, pavimentos), ensaios de avaliación dos elementos de contorno (xeotécnico apoio gruas...) e tamén recolle diversidade ampla de ensaios de unidades de control de execución e propón asistencia técnica.

Considerase que presenta un plan detallado e adecuado con diversidade de ensaios nas diferentes unidades de obras, control de execución, estado existente do contorno e de revisión das hipóteses de proxecto.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Considerase que presenta un desenvolvemento das medidas para control e garantir a calidade, ademáis presenta diversidade de ensaios, todos eles adecuados a obra, cunha adecuada proposta de ensaios de control das condicións de contorno e das comprobacións de proxecto, todo elo cun detalle gráfico adecuado, polo que se alcanza unha puntuación de 3 PUNTOS.

b) Plan de auto control interno da empresa: se valorará con ata 2 puntos.

- Plan de autocontrol interno da empresa en aqueles procesos relacionados directamente coa execución do obxecto da obra.

Indicase que o licitador posúe sistema de xestión de calidade certificado según a norma ISO 9001:2008.

Incluese unha relación dos procedementos a seguir e dos PPIs relacionados directamente coa obra.

Considerase adecuado e detallado o plan proposto.

- Organización dedicada ao control de calidade.





Expte. 4.051/440

Incluese organigrama de aseguramento da calidade con descripcións das funcións de cada un dos postos e indicación de xerarquías e dependencias, e asignación de persoas cunha exposición gráfica intuitiva e detallada.

Considerase adecuado e detallado desenrolo da organización adicada ao control de calidade.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Considérase que presenta un desenvolvemento xeral detallado dos puntos incluídos dentro do plan de auto control interno da empresa, polo que neste apartado se alcanza unha puntuación de **2 PUNTOS**.*

B.3.- PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 2,9 MB e 20 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata 4 puntos.

a) Memoria descriptiva das boas prácticas na execución da obra que permita reducir o consumo enerxético ou de materias primas: se valorará con ata 2 puntos.

A oferta enumera diversas medidas de redución de consumo enerxético, redución de consumo de auga e redución de consumo de combustibles e outros materiais. Tódalas medidas presentadas son xenéricas.

Se destaca tamén que o licitador posúe sistema de xestión ambiental, certificado según a norma ISO 14001:2004.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Tódalas medidas presentadas son xenéricas, e se considera que non están desenvoltas para a obra concreta, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado por falta de desenvolvemento das medidas para reducir o consumo enerxético e **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado por falta de desenvolvemento das medidas para reducir o consumo de materias primas, que sumado o desconto anterior se alcanza unha puntuación de **1,40 PUNTOS**.*

b) Memoria descriptiva das actuacións para a redución das emisións contaminantes á atmosfera, recollida selectiva de residuos ou procesos de reciclado: se valorará con ata 2 puntos.

A oferta enumera diversas medidas de redución de emisións contaminantes. Estas medidas presentadas son xenéricas.

En canto a recollida selectiva e reciclado o licitador plantexa unha serie de accións xenéricas.





Expte. 4.051/440

Indicanse procesos xenéricos de reciclado según a tipoloxía de material. Se indica así mesmo que se controlará o cauce do Río Lagares. Plantexase ubicación de punto limpio.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Tódalas medidas presentadas para a redución das emisións contaminantes son xenéricas, e se considera que non están desenvoltas para a obra concreta, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. En canto a recollida selectiva e residuos, considerase igualmente que presenta medidas xenéricas, que non se especifican para a realidade da obra, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. Sumados os descontos se alcanza unha puntuación de **1,40 PUNTOS**.*

B.4.- EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS Á OBRA.

*O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 1,73 MB e 20 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará **con ata 5 puntos**.*

a) Organización dos recursos humanos: se valorará con ata 2 puntos.

Un organigrama e a descrición e xustificación das actuacións, dedicacións e funcións do equipo humano que se propoña adscribir á obra.

Para este apartado o licitador deberá achegar información gráfica, esquemas e diagramas adecuados á peculiaridade da proposta de organización e da obra

O licitador presenta un organigrama detallado do equipo técnico humano que se propón adscribir a obra, co posto de traballo que ocupará cada un.

Proponse un equipo técnico composto por 14 técnicos, así como 4 encargados. Non se fai referencia á composición do resto do equipo humano que traballará na obra, non se indica os equipos de operarios nin a cantidade de operarios dos diferentes oficios que se prevé adscribir á mesma.

Apórtase unha descrición e xustificación das actuacións do equipo técnico de recursos humanos así como das funcións e adicacións do mesmo, ata o nivel de encargado.

Non se describen e xustifican adecuadametne as actuacións dos profesionais que conforman o equipo de recursos humanos nas diferentes fases da obra, a súa concreta intervención durante o proceso constructivo así como a xustificación da determinación do seu número e atribucións. A descrición e xustifiación das actuacións ten un carácter xenérico sen especificar a obra a mesma no concreto caso. En relación coa información gráfica apórtase información gráfica co organigrama, así como co cadro de responsabilidade de cada posto en cada fase de execución da obra





Expte. 4.051/440

Descríbense as funcións dos postos de persoal técnico e a adicación prevista á obra.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Respecto ao primeiro apartado, non se desenrola a xustificación de toda a organización (número de equipos e persoal de oficios) durante as diferentes fases da obra, polo que se **desconta un 15%** a descrición e xustificación das actuacións do equipo técnico ten un carácter xenérico e non é detallada polo que se **desconta un 15%**, alcanzándose unha puntuación de **1,40 puntos**.*

b) Experiencia, cualificación e formación do equipo humano: valorárase con ata 3 puntos.

Especificación da experiencia acreditada en relación ás peculiaridades de cada posto de traballo descrito, a cualificación e formación.

Este equipo deberá atoparse identificado e adaptado ás peculiaridades propias desta obra, valorándose a alta experiencia acreditada en obras similares así como a cualificación e formación en obras de similares características, debendo achegarse unha proposta específica de compromiso de adscrición á obra dos profesionais que vaian intervir.

Propónse un equipo técnico composto por 14 técnicos, así como 4 encargados. Non se fai referencia á composición do resto do equipo humano que traballará na obra, non se indica a cantidade de operarios dos diferentes oficios que se prevé adscibir á mesma.

Apórtase xustificación da cualificación, formación e experiencia detallada dos membros do persoal técnico e dos encargados. Do resto do persoal non se especifica o número de persoas que o comporán, nin a experiencia detallada, cualificación e formación que van a poseer.

A cualificación e formación do persoal técnico (Enxeñeiro de Camiños o delegado de obra, enxeñeiro de camiños o xefe de obra, arquitecto técnicos os xefes de produción, enxeñeiro industrial o xefe de instalacións, etc) son axeitas para a obra.

Acredítase alta experiencia en obras similares ás que se está a licitar por parte de diferentes postos relevantes do equipo humano (xefe de obra, xefes de produción, encargado nas obras do Estadio de fútbol de San Mamés, encargado na ampliación de Mestalla). Tanto os citados postos como outros do equipo proposto contan con experiencia en obra de imposrtes e nos casos citados de similares características, figurando compromiso expreso de adscrición do equipo ás obras.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Presentase polo licitador unha proposta de equipo técnico de recursos humanos, con alta experiencia, cualificación e formación adecuada, así como unha declaración de mantemento dos medios humanos, sin ben non xustifica a experiencia en cada un dos postos de traballo ao non

Páx. 35 de 104



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 22/11/2016 15:12

Páxina 35 de 104

Expediente 4051/440

Código de verificación: 25E84-DADE8-D855E-C2E32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 4.051/440

facerse ningunha referencia aos equipos de obras (polo que **se desconta un 15%**). Alcánzase por tanto unha puntuación de **2,55 puntos**

**(VALORACIÓN SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”)
FCC CONSTRUCCIÓN**

B.1.- MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 9,2 MB e 50 follas, polo que non se supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **21 puntos**.

a) Análise da actuación a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar: se valorará con ata 7 puntos.

- A análise das actuacións a desenvolver incluídas dentro do proxecto.

A memoria presenta as actuacións a levar a cabo no proxecto con escasa información gráfica, tanto da malla espacial, da cuberta da grada, da cuberta do pabellón, da actuación en fachada. Ademais se analiza a actuación de reforzo estrutural.

Se considera un desenvolvemento detallado e analizado das principais actuacións a desenvolver dentro do proxecto, pero con escasa información gráfica.

- Descrición das actividades importantes da execución da obra.

A memoria presenta descrición dalgunhas actividades de obra a levar a cabo no proxecto e de algún dos procesos constructivos, no relativo a desmontaxe de cuberta, izado e montaxe da nova cuberta, fachada e cuberta do pabellón, pero sen un desenrolo extenso.

Todo elo se presenta con escasa información gráfica.

Se considera un desenvolvemento escaso dos procesos e actividades máis importantes da execución da obra.

- Condicionantes definidos no proxecto.

Ao longo da exposición destácase entre outros: o mantemento do uso das instalacións, o espazo contiguo a grada, a estabilidade estrutural e a afección ao céspede, pero non se desenrolan convenientemente outros condicionantes do proxecto importantes como as obras previas executadas na grada de río, o estado da estrutura, a influencia da acción do vento, o uso das gradas e o cronograma de execución das obras detallado.

Se considera unha escasa exposición dos principais condicionantes do proxecto.

- Determinación do grado de incidencia dos condicionantes e actuacións a desenvolver especificados nos apartados anteriores en relación á execución da obra.

Na descrición dos diferentes condicionantes e actuacións indicados en apartados anteriores, se inclúe a peculiaridade de cada un e a súa incidencia, pero non se cuantifica en porcentaxe, prazo ou noutra escala de influencia na obra.

Páx. 36 de 104



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 22/11/2016 15:12

Páxina 36 de 104

Expediente 4051/440

Código de verificación: 25E84-DADE8-D855E-C2E32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Expte. 4.051/440

Se considera que a xustificación non se adecúa convenientemente ao obxecto do apartado, ao non presentar o grado de incidencia.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Se considera un desenvolvemento detallado da análise das actuacións a desenvolver incluídas dentro do proxecto . Sen embargo se considera que non se desenvolve as actividades importantes da obra como os aspectos que inciden no desenvolvemento polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, e tampouco os condicionantes, polo que **se desconta outro 15% da puntuación máxima** do criterio. Como xa se citou toda a información do apartado adolece de escaso detalle gráfico adecuado, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio. Así mesmo, se considera que non se desenvolve convenientemente o grado de incidencia dos condicionantes e actuacións, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, sumados os descontos se alcanza unha puntuación de **2,80 PUNTOS**.*

b) Análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra, e a súa explicación gráfica: se valorará con ata 7 puntos.

- O estudo das afeccións dos condicionantes externos do contorno da obra (tráfico, climatolóxicos e usos específicos do contorno de actuación).

*Na descripción da memoria indicanse as diferentes afeccións que existen no **tráfico** peonil e rodado e urbano, aparcamento, coa especificidade dos días de partido.*

*En canto aos **usos do entorno** non se destacan nin se desenrolan convenientemente nin as instalacións de bombeiros e a factoría Citroen, estancias do estadio, pabellón deportivo, Río Lagares ou as festas no entorno.*

*En canto aos **factores climatolóxicos**, plantéxase coeficiente reductores para cada actividade según a influencia das condicións meteorolóxicas, con táboas xustificativas para a obtención dos valores.*

Contemplase o calendario de actividades do estadio.

Se considera un desenvolvemento pouco detallado dos usos do entorno. En canto a información gráfica se considera adecuada, ao igual que as afeccións de tráfico e os factores climatolóxicos.

- As medidas que permiten simultanear a obras coas actividades cotiás do entorno (campamento de obra, desvíos de tráfico e fases de obra).

*Non se plantexa nin se desenrola un **faseado** claro e adecuado tendo en conta a afección a usuarios e partidos, máis alá dun esquema de avance de obra.*

*Incluese unha distribución gráfica do **campamento de obra** atendendo ao resto de condicionantes do entorno, diferenciado según as fases de obra, ubicado próximo Avda. Citroen.*

Páx. 37 de 104



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 22/11/2016 15:12

Páxina 37 de 104

Expediente 4051/440

Código de verificación: 25E84-DADE8-D855E-C2E32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 4.051/440

Presentanse **medidas de tráfico** con proposta gráfica de circulación escasa, sen discernir por fases, con aparcamento en superficie e proposta de implantación e acceso de maquinaria, con especificación dos días de partido.

Non se considera adecuadas e detalladas as medidas consideradas nin de faseado nin de tráfico. Soamente se considera desenvolto a distribución do campamento de obra.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Se considera desenvolvemento detallado no referente a factores climatolóxicos, campamento de obras e afeccións de tráfico, con información gráfica adecuada. No resto dos puntos incluídos no enunciado, tanto das afeccións dos condicionantes externos como das medidas que permiten simultanear a obra coas actividades do entorno, se considera escasa a documentación presentada. Así se consideran decrementos nos seguintes contidos: 1) afeccións usos do entorno, 2) medidas faseado, 3) medidas de tráfico. Tendo en conta un desconto do 15% para cada item anterior, se alcanza unha puntuación de **3,85 PUNTOS**.

c) Proposta de planificación da obra en relación aos períodos de execución e aos equipos materiais e humanos que se propoñen para a execución da obra, xustificando a coherencia da proposta realizada en relación aos prazos de execución propostos: se valorará con ata 7 puntos.

- **A planificación da obra en relación a determinación dos medios necesarios para a execución da mesma, tales como persoal, instalacións, equipos e materiais.**

Presenta a oferta un organigrama do persoal.

Indicase os rendementos e dimensionamento equipos, así como as actividades asociadas a cada equipo, e asignación de operarios, maquinaria e instalación a cada equipo.

Recollense os rendementos das diferentes unidades de obra.

Considerase un desenrolo detallado e xustificado en relación aos medios necesarios na obra, pero con escaso desenvolvemento gráfico ou pouco ordenado e intuitivo.

- **A xustificación da coherencia da proposta en relación aos prazos de execución propostos con indicación de folgas e camiños críticos.**

Aporta un diagrama de Gant coas unidades de obra e indicación do camiño crítico. Se recolle táboa con indicación de holgas do camiño crítico.

Se considera un desenvolvemento gráfico pouco detallado da proposta de planificación tendo en conta os traballos a executar e os hitos durante o desenrolo das obras, e no relativo ao camiño crítico e holgas.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Se considera un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no enunciado, en canto a planificación e xustificación da coherencia e aos prazos de execución, con especificación de equipos, medios e materiais, salvo ao desenvolvemento gráfico no relativo aos diagramas de





Expte. 4.051/440

gant e camiño crítico e holguras, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de **5,95 PUNTOS**.

B.2.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 3,0 MB e 20 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **5 puntos**.

a) Plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto: se valorará con ata 3 puntos.

- **Medidas que propón o licitador para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar.**

Presentanse procedementos xerais de calidade, con desenvolvemento de cada un: Xestión do contrato, control da documentación en obra, organización de obra, planificación técnica, plan de calidade, revisión do proxecto, compras e subcontratación, arquivo de obra, control de procesos e inspección, ensaios e probas, non conformidades, e accións correctoras, prevención de riscos laborais, planificación ambiental, planificación económica, relación cos clientes, auditorías, actuacións de I+D+i, e xestión de seguridade da información.

Considerase que se desenvolve convenientemente as medidas para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar.

- **Plan específico de control de calidade no cal se indique a diversidade dos ensaios de control de calidade a executar, identificando as unidades de obra a controlar durante a súa execución.**

Propón un plan de control de calidade onde se realizan diversos tipos de ensaios, sen indicación de presuposto. Recolle diversidade de ensaios dos diferentes materiais a empregar na obra (estructura metálica, pavimentos...), e ensaios de unidades de control de execución.

Considerase que presenta un plan con diversidade de ensaios nas diferentes unidades de obras e de control de execución, pero non se recolle diversidade ensaios do estado existente do contorno e de revisión das hipóteses de proxecto.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Considerase que presenta un desenvolvemento das medidas para controlar e garantir a calidade. Sen embargo no referente ao plan de calidade a executar a maiores do contemplado en proxecto bótase en falta diversidade de ensaios das condicións de contorno ou do estado existente, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, polo que se alcanza unha puntuación de **2,55 PUNTOS**.

b) Plan de auto control interno da empresa: se valorará con ata 2 puntos.





Expte. 4.051/440

- **Plan de autocontrol interno da empresa en aqueles procesos relacionados directamente coa execución do obxecto da obra.**

Indicase que o licitador posúe sistema de xestión de calidade certificado según a norma ISO 9001:2008.

Incluese unha relación dos procedementos a seguir e dos PPIs relacionados directamente coa obra e de aspectos concretos das unidades de obra a controlar.

Considerase adecuado e detallado o plan proposto.

- **Organización dedicada ao control de calidade.**

Incluese organigrama de aseguramento da calidade con descripcións das funcións de cada un dos postos e indicación de xerarquías e dependencias, e asignación de persoas cunha exposición gráfica intuitiva e detallada. Ademais se presenta material necesario e procedemento de control.

Considerase adecuado e detallado desenvolvemento da organización adicada ao control de calidade.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Considérase que presenta un desenvolvemento xeral detallado dos puntos incluídos dentro do plan de auto control interno da empresa, polo que neste apartado se alcanza unha puntuación de **2 PUNTOS**.*

B.3.- PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS.

*O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 1,4 MB e 20 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará **con ata 4 puntos**.*

a) Memoria descritiva das boas prácticas na execución da obra que permita reducir o consumo enerxético ou de materias primas: se valorará con ata 2 puntos.

A oferta enumera diversas medidas de redución de consumo enerxético, redución de consumo de auga e redución de consumo de combustibles e outros materiais. Tódalas medidas presentadas son xenéricas.

Se destaca tamén que o licitador posúe sistema de xestión ambiental, certificado según a norma ISO 14001:2004.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Tódalas medidas presentadas son xenéricas, e se considera que non están desenvoltas para a obra concreta, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado por falta de desenvolvemento das medidas para reducir o consumo enerxético e **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado por falta de desenvolvemento das medidas para reducir o consumo de materias primas, que sumado o desconto anterior se alcanza unha puntuación de **1,40 PUNTOS**.*





Expte. 4.051/440

b) Memoria descritiva das actuacións para a redución das emisións contaminantes á atmósfera, recollida selectiva de residuos ou procesos de reciclado: se valorará con ata 2 puntos.

A oferta enumera diversas medidas de redución de emisións contaminantes. Estas medidas presentadas son xenéricas.

En canto a recollida selectiva e reciclado o licitador plantexa unha serie de accións xenéricas.

Indícanse procesos xenéricos de reciclado según a tipoloxía de material. Plantexase ubicación de zona de instalacións auxiliares.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Tódalas medidas presentadas para a redución das emisións contaminantes son xenéricas, e se considera que non están desenvoltas para a obra concreta, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. En canto a recollida selectiva e residuos, considerase igualmente que presenta medidas xenéricas, que non se especifican para a realidade da obra, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. Sumados os descontos se alcanza unha puntuación de **1,40 PUNTOS**.

B.4.- EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS Á OBRA.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 1,22 MB e 20 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata 5 puntos.

a) Organización dos recursos humanos: se valorará con ata 2 puntos.

Un organigrama e a descrición e xustificación das actuacións, dedicacións e funcións do equipo humano que se propoña adscribir á obra.

Para este apartado o licitador deberá achegar información gráfica, esquemas e diagramas adecuados á peculiaridade da proposta de organización e da obra

O licitador presenta un organigrama detallado do equipo técnico humano que se propón adscribir a obra, co posto de traballo que ocupará cada un. Proponse un equipo técnico composto por 12 técnicos, así como 1 encargado. Sen embargo, non se fai referencia á composición do resto do equipo humano que traballará na obra. Non se fai referencia á cantidade de operarios dos diferentes oficios que se prevé adscribir á mesma, limitándose a declarar que se adscribirán como mínimo os operarios de man de obra directa de acordo co apartado 6.e das FEC. Este apartado contén o requisito mínimo de medios e materias a adscribir á execución do contrato, sendo de obrigado cumprimento. O que se debe xustificar na memoria descritiva do equipo de recursos humanos adscritos á obra son as previsións dos licitadores para que poidan ser valoradas, o que non se fai a nivel de equipos de operarios polo presente licitador.

Páx. 41 de 104



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 22/11/2016 15:12

Páxina 41 de 104

Expediente 4051/440

Código de verificación: 25E84-DADE8-D855E-C2E32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 4.051/440

O licitador describe as funcións do persoal técnico que propón e adicación do mesmo. Non describe e xustifica as actuacións a realizar, fases e modos de implantación do equipo na obra, etc, nin as actuacións, funcións e adicacións dos equipos de operarios. Presenta documentación gráfica co organigrama, e a descripción do equipo directivo.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Respecto ao primeiro apartado, non se desenvolve a xustificación de toda a organización (número de equipos e persoal de oficios) durante as diferentes fases da obra, polo que **se desconta un 15%** da puntuación máxima do criterio neste apartado, tampouco se describen e xustificación as actuacións do equipo de recursos humanos (polo que **se desconta un 15%**) alcanzando unha puntuación de **1,40 puntos**.*

b) Experiencia, cualificación e formación do equipo humano: valorárase con ata 3 puntos.

Especificación da experiencia acreditada en relación ás peculiaridades de cada posto de traballo descrito, a cualificación e formación.

Este equipo deberá atoparse identificado e adaptado ás peculiaridades propias desta obra, valorándose a alta experiencia acreditada en obras similares así como a cualificación e formación en obras de similares características, debendo achegarse unha proposta específica de compromiso de adscrición á obra dos profesionais que vaian intervir.

Proponse un equipo técnico composto por 12 técnicos, así como 1 encargados. Apórtase xustificación da cualificación, formación e experiencia detallada en obra dos membros do persoal técnico e dos encargados. Do resto do persoal non se especifica o número de persoas que o comporán, nin a experiencia, cualificación e formación que van a poseer.

A cualificación e formación do persoal técnico (arquitecto técnico o delegado de obra, enxeñeiro de camiños o xefe de obra, arquitecto o xefe de produción, etc) é axeitada para a obra.

A información sobre as obras no que desenvolveu as súas funcións o persoal técnico é escasa . Tan só se xustifica a de 4 persoas do persoal técnico (xefe de obra, xefe de produción, xefe oficina técnica e xefe produción instalacións). Queda acreditada a experiencia en obras de importe similar do persoal que se cita, incluso no caso do xefe de obra a participación nas obras dune estadio de fútbol, pero non se acredita a experiencia en obras do persoal operario, nin incluso de todo o persoal técnico. Figura compromiso expreso de mantemento do equipo de recursos humanos.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Páx. 42 de 104



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 22/11/2016 15:12

Páxina 42 de 104

Expediente 4051/440

Código de verificación: 25E84-DADE8-D855E-C2E32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 4.051/440

Presentase polo licitador unha proposta de equipo de recursos humanos, que non xustifica a experiencia en cada un dos postos de traballo incluíndo os equipos de obras (polo que **se desconta un 15%**) nin a alta experiencia en obra similares de todo o persoal técnico e do resto do persoal (polo que **se desconta un 15%**), alcanzándose neste apartado unha puntuación de **2,10 puntos**.

(VALORACIÓN SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”)

UTE INDEPO S.L.U. , AVAN INTEGRAL S.L. E HIDROMIÑO S.L.U.

B.1.- MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 6,1 MB e 50 follas, polo que non se supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **21 puntos**.

a) Análise da actuación a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar: se valorará con ata 7 puntos.

- A análise das actuacións a desenvolver incluídas dentro do proxecto.

A memoria presenta as actuacións a levar a cabo no proxecto con esquemas gráficos detallados, tanto da malla espacial, da cuberta da grada, da cuberta do pabellón, da actuación en fachada todo elo con indicación dos detalles constructivos da actuación. Ademais se analiza a actuación de reforzo estrutural, acondicionamento xeral, instalacións eléctricas e actuacións en aseos. Se considera un desenvolvemento detallado e analizado das principais actuacións a desenvolver dentro do proxecto, con abundante información gráfica.

- Descrición das actividades importantes da execución da obra.

A memoria presenta unha ampla descrición das principais actividades de obra a levar a cabo no proxecto e dos procesos constructivos máis importantes, no relativo a desmontaxe de cuberta, izado e montaxe da nova cuberta, reforzo da estrutura, montaxe de cubrición e fachada e cuberta do pabellón.

Todo elo se presenta con abundante información gráfica.

Se considera un desenvolvemento detallado dos procesos e actividades máis importantes da execución da obra.

- Condicionantes definidos no proxecto.

Ao longo da exposición destacase entre outros: execución en zona de dominio público hidráulico, acceso a cuberta por trampilla existente, implantación de zonas de acopio, simultaneidade coa actividade do campo, presenza de arbolado e ruta de senderismo, pero non se desenrolan convenientemente outros condicionantes do proxecto importantes como obras previas executadas





Expte. 4.051/440

na grada de río, o estado da estrutura, a influencia da acción do vento e o cronograma de execución das obras.

Se considera unha escasa exposición dos principais condicionantes do proxecto.

- **Determinación do grado de incidencia dos condicionantes e actuacións a desenvolver especificados nos apartados anteriores en relación á execución da obra.**

Na descripción dos diferentes condicionantes e actuacións indicados en apartados anteriores, se inclúe a peculiaridade de cada un e a súa incidencia, pero non se cuantifica en porcentaxe, prazo ou noutra escala de influencia na obra.

Se considera que a xustificación non se adecúa convenientemente ao obxecto do apartado, ao non presentar o grado de incidencia.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Se considera un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no enunciado, tanto da análise das actuacións a desenvolver incluídas dentro do proxecto como das actividades importantes da obra como dos aspectos que inciden no desenvolvemento desta, todo elo cun detalle gráfico adecuado. Sen embargo se considera que non se desenvolve convenientemente os condicionantes do proxecto, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. Ademais se considera que tampouco se desenvolve convenientemente o grado de incidencia dos condicionantes e actuacións, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de **4,90 PUNTOS**.

b) Análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra, e a súa explicación gráfica: se valorará con ata 7 puntos.

- **O estudo das afeccións dos condicionantes externos do contorno da obra (tráfico, climatolóxicos e usos específicos do contorno de actuación).**

Na descripción da memoria, indícanse as diferentes afeccións que existen no **tráfico** peonil e rodado no entorno.

Indícanse e se desenrolan os principais **usos do entorno** destacando tódalas estancias do estadio, a zona industrial con referencia a Citroen, as diferentes estancias do estadio, bombeiros, pabellón deportivo, a ruta de senderismo do Río Lagares ou obras cercanas como a acometida eléctrica da EDAR ou a reforma da grada de Tribuna.

En canto aos **factores climatolóxicos**, plantéxase coeficiente reductores para cada actividade según a influencia das condicións meteorolóxicas, con táboas xustificativas para a obtención dos valores.

Contemplanse o calendario de actividades do estadio.

Se considera un desenvolvemento detallado e gráfico adecuado das principais afeccións do entorno, no referente a tráfico, usos do entorno e climatoloxía.

Páx. 44 de 104



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 22/11/2016 15:12

Páxina 44 de 104

Expediente 4051/440

Código de verificación: 25E84-DADE8-D855E-C2E32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 4.051/440

- As medidas que permiten simultanear a obras coas actividades cotiás do entorno (campamento de obra, desvíos de tráfico e fases de obra).

Non se plantexa un **faseado** claro e adecuado tendo en conta a afección a usuarios e partidos, máis alá dun esquema de avance de obra.

Incluese unha distribución gráfica do **campamento de obra** atendendo ao resto de condicionantes do entorno, ubicado no encontro coa grada de marcador.

Presentanse **medidas de tráfico** con proposta gráfica escasa de circulación peonil e rodada, sen indicacións adecuadas de aparcamento, nin especificación dos días de partido.

Se considera adecuadas e detalladas as medidas consideradas para o campamento de obra pero non se considera desenvoltas as medidas de tráfico e de faseado, sen apoio en abundante información gráfica e resumos das propostas.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Se considera un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no enunciado, tanto das afeccións dos condicionantes externos como das medidas que permiten simultanear a obra coas actividades do entorno, con abundante información gráfica, salvo para o faseado da obra polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. Ademais tamén se considera falta de desenrolo das medidas de desvío de tráfico polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. Sumados os descontos se alcanza unha puntuación de **4,90 PUNTOS**.

c) Proposta de planificación da obra en relación aos períodos de execución e aos equipos materiais e humanos que se propoñen para a execución da obra, xustificando a coherencia da proposta realizada en relación aos prazos de execución propostos: se valorará con ata 7 puntos.

- A planificación da obra en relación a determinación dos medios necesarios para a execución da mesma, tales como persoal, instalacións, equipos e materiais.

Indicase os rendementos e dimensionamento equipos, así como as actividades asociadas a cada equipo, e asignación de operarios, maquinaria e instalación a cada equipo.

Recollense os rendementos das diferentes unidades de obra.

Considerase un desenrolo detallado e xustificado en relación aos medios necesarios na obra.

- A xustificación da coherencia da proposta en relación aos prazos de execución propostos con indicación de folguras e camiños críticos.

Aporta un diagrama de Gant coas unidades de obra e indicación do camiño crítico. Se recolle táboa con indicación de holguras do camiño crítico.

Se considera un desenvolvemento gráfico pouco detallado da proposta de planificación tendo en conta os traballos a executar e os hitos durante o desenrolo das obras, e no relativo ao camiño crítico e holguras.





Expte. 4.051/440

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Se considera un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no enunciado, en canto a planificación e xustificación da coherencia e aos prazos de execución, con especificación de equipos, medios e materiais, salvo ao desenvolvemento gráfico no relativo aos diagramas de gant e camiño crítico e holguras, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de **5,95 PUNTOS**.

B.2.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 2,5 MB e 20 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **5 puntos**.

a) Plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto: se valorará con ata 3 puntos.

- **Medidas que propón o licitador para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar.**

Plantexa o licitador únicamente o control xeométrico de certos materiais e replanteos e nivelacións.

Considerase que se desenvolve escasamente medidas para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar.

- **Plan específico de control de calidade no cal se indique a diversidade dos ensaios de control de calidade a executar, identificando as unidade de obra a controlar durante a súa execución.**

Propón un plan de control de calidade a maiores do proxecto, no que se realizan diversos tipos de ensaios, con indicación de presuposto. Recolle ensaios dos diferentes materiais a empregar na obra (Estructura metálica, pavimentos), ensaios de avaliación dos elementos de contorno (xeotécnico apoio gruas...) e tamén recolle diversidade ampla de ensaios de unidades de control de execución e propón asistencia técnica.

Considerase que presenta un plan detallado e adecuado con diversidade de ensaios nas diferentes unidades de obras, control de execución e verificación estado existente do contorno.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Considerase que presenta un desenvolvemento dos puntos incluídos, pero botase en falta desenrolo das medidas para garantir a calidade polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. Así mesmo presenta diversidade de ensaios, todos eles adecuados a obra, incluso ensaios de control das condicións de contorno existente e dos materiais e execución, polo que se alcanza unha puntuación de **2,55 PUNTOS**.





Expte. 4.051/440

b) Plan de auto control interno da empresa: se valorará con ata 2 puntos.

- Plan de autocontrol interno da empresa en aqueles procesos relacionados directamente coa execución do obxecto da obra.

Indicase que unha das empresas da UTE posúe sistema de xestión de calidade certificado según a norma ISO 9001:2008 e 14.001:2004.

Incluese unha relación dos procedementos a seguir e dos PPIs relacionados directamente coa obra e do procedemento de control de subcontratas.

Considerase adecuado e detallado o plan proposto.

- Organización dedicada ao control de calidade.

Incluese organigrama de aseguramento da calidade pouco detallado, con descripcións das funcións de cada un dos postos e indicación de xerarquías e dependencias, sen asignación de persoas e cunha exposición gráfica escasa.

Considerase adecuado a organización de control de calidade pero pouco detallado.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Considérase que presenta un desenvolvemento xeral detallado dos puntos incluídos dentro do plan de auto control interno da empresa, pero bótase en falta maior grado de detalle no desenrolo da organización dedicada ao control de calidade polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, polo que se alcanza unha puntuación de **1,70 PUNTOS**.

B.3.- PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 3,3 MB e 19 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata 4 puntos.

a) Memoria descritiva das boas prácticas na execución da obra que permita reducir o consumo enerxético ou de materias primas: se valorará con ata 2 puntos.

A oferta enumera diversas medidas de redución de consumo enerxético, redución de consumo de auga e redución de consumo de combustibles e outros materiais. Tódalas medidas presentadas son xenéricas.

Se destaca tamén que un das empresas da UTE, Avan posúe sistema de xestión ambiental, certificado según a norma ISO 14001:2004.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Tódalas medidas presentadas son xenéricas, e se considera que non están desenvoltas para a obra concreta, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado

Páx. 47 de 104



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 22/11/2016 15:12

Páxina 47 de 104

Expediente 4051/440

Código de verificación: 25E84-DADE8-D855E-C2E32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 4.051/440

por falta de desenvolvemento das medidas para reducir o consumo enerxético e se **desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado por falta de desenvolvemento das medidas para reducir o consumo de materias primas, que sumado o desconto anterior se alcanza unha puntuación de **1,40 PUNTOS**.

b) Memoria descritiva das actuacións para a redución das emisións contaminantes á atmósfera, recollida selectiva de residuos ou procesos de reciclado: se valorará con ata 2 puntos.

A oferta enumera diversas medidas de redución de emisións contaminantes. Estas medidas presentadas son en xeral xenéricas. Se indica así mesmo que se controlará os vertidos ao cauce do Río Lagares mediante protección dos elementos de drenaxe que se definen no contido da oferta . Plantexase ubicación de punto limpo e o transplante do arbolado contiguo a grada. En canto a recollida selectiva e reciclado o licitador plantexa unha serie de accións xenéricas. Ademáis indícanse procesos de reciclado según a tipoloxía de material e certo material con tratamento propio na planta da súa propiedade.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Presenta medidas para a redución das emisións contaminantes desenvoltas e detalladas algunha delas para a obra concreta. En canto a recollida selectiva e residuos, considerase que presenta medidas xenéricas, que non se especifican para a realidade da obra, polo que se **desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. Polo que se alcanza unha puntuación de **1,70 PUNTOS**.

B.4.- EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS Á OBRA.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 3,31 MB e 20 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con **ata 5 puntos**.

a) Organización dos recursos humanos: se valorará con ata 2 puntos.

Un organigrama e a descrición e xustificación das actuacións, dedicacións e funcións do equipo humano que se propoña adscribir á obra.

Para este apartado o licitador deberá achegar información gráfica, esquemas e diagramas adecuados á peculiaridade da proposta de organización e da obra

O licitador presenta un organigrama detallado do equipo técnico humano que se propón adscribir a obra, co posto de traballo que ocupará cada un. Proponse no mesmo un equipo técnico composto por 10 técnicos, así como 2 encargados.





Expte. 4.051/440

Sen embargo, non se detalla a composición do dos equipos de operarios que formarán os diferentes equipos na obra. Non se fai referencia ao mesmo, a súa composición, etc. Nos gráficos vese a existencia de direrente equipos de obras pero non a previsión de pesoal que integrará os mesmos.

Apórtase unha descripcón e xustificación das actuacións do equipo técnico de recursos humanos así como das funcións e adicacións do mesmo, ata o nivel de encargado.

A documentación información gráfica que se aporta e correcta para coñecer as peculiaridade da proposta de organizaci'no da obra.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Respecto ao primeiro apartado, non se desenvolve a xustificación de toda a organización (número de equipos e persoal de oficios) durante as diferentes fases da obra, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de **1,70 puntos**.*

b) Experiencia, cualificación e formación do equipo humano: valorárase con ata 3 puntos.

Especificación da experiencia acreditada en relación ás peculiaridades de cada posto de traballo descrito, a cualificación e formación.

Este equipo deberá atoparse identificado e adaptado ás peculiaridades propias desta obra, valorándose a alta experiencia acreditada en obras similares así como a cualificación e formación en obras de similares características, debendo achegarse unha proposta específica de compromiso de adscripción á obra dos profesionais que vaian intervir.

Proponse un equipo técnico composto por 10 técnicos, así como 2 encargados. Apórtase xustificación da cualificación, formación e experiencia dos membros do persoal técnico e dos encargados. Do resto do persoal non se especifica o número de persoas que o comporán, nin a experiencia, cualificación e formación que van a poseer.

A cualificación e formación do persoal técnico (Enxeñeiro de Camiños o delegado de obra, enxeñeiro da edificación o xefe de obra de estruturas, arquitecta a xefa de obra de edificación, arquitecto técnico o xefe de produccón etc), é axeitada para a obra.

O persoal técnico do que se xustifica a súa cualificación, formación e experiencia concreta conta con experiencia acredita en obra. Considérase acreditada adecuadamente a experiencia en obras, non así a alta experiencai en obras de similiares características á que se licita, xa que non quedan acreditadas obras similares (reformas de gradas en estadios de fútbol, etc). As obras que se xustifican como experiencia dos membros do equipo técnico proposto teñen diferentes características (execución de naves, construcións novas edificios en edificios de servizos, viais

Páx. 49 de 104



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 22/11/2016 15:12

Páxina 49 de 104

Expediente 4051/440

Código de verificación: 25E84-DADE8-D855E-C2E32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 4.051/440

etc). O persoal algo máis de 10 anos de media de experiencia nas obras sinaladas. Engadir a isto que se descoñece a experiencia dos equipos de operarios que vaian a executar as obras por non aportarse. Figura compromiso expreso de adscripción do equipo de recursos humanos á obra.

Apórtase unha relación de obras e certificados de execución satisfactoria das mesmas pola licitadora, non sendo isto valorable. A execución das obras por parte da mercantil é un tema de solvencia. A valoración do concreto equipo de recursos humanos como criterio de adxudicación debe referirse exclusivamente ao equipo que se adscriba á obra.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Presentase polo licitador unha proposta de equipo de recursos humanos, que non xustifica a experiencia en cada un dos postos de traballo incluíndo os equipos de obras (polo que **se desconta un 15%**) nin a alta experiencia en obra similares (polo que **se desconta un 15%**), alcanzándose neste apartado unha puntuación de **2,10 puntos**.

(VALORACIÓN SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”) CIVISGLOBAL S.L.

A oferta presentada cumpre os criterios de presentación dos arquivos, no referente a peso e extensión recollidos nas FEC para cada un dos apartados:

B.1.- MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA.

B.2.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE.

B.3.- PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS.

B.4.- EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS Á OBRA.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA A PRESENTE OFERTA:

O contido da oferta para os catro criterios e os apartados que compoñen cada un de eles, é sensiblemente coincidente coa oferta presentada polo licitador UTE INDEPO S.L.U. , AVAN INTEGRAL S.L. E HIDROMIÑO S.L.U., incluíndo a mesma redacción, fotografías,





Expte. 4.051/440

gráficos, resumes, esquemas...etc. Presenta mínimas diferencias, que en todo caso non afectan ao contido valorado nin aos criterios de puntuación.

A vista do anterior, o análise xustificativo e valorativo da presente oferta, coincide exactamente có da oferta do licitador UTE INDEPO S.L.U. , AVAN INTEGRAL S.L. E HIDROMIÑO S.L.U., polo que a valoración para todos e cada un dos criterios e os apartados que os conforman tamén e coincidente exactamente coa do licitador UTE INDEPO S.L.U. , AVAN INTEGRAL S.L. E HIDROMIÑO S.L.U., o cal se reflicte na tabla adxunta.

(VALORACIÓN SOBRE B “PROPOSICIÓN AVILABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”) COPCISA S.A.

B.1.- MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 4,0 MB e 45 follas, polo que non se supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **21 puntos**.

a) Análise da actuación a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar: se valorará con ata 7 puntos.

- A análise das actuacións a desenvolver incluídas dentro do proxecto.

A memoria presenta as actuacións a levar a cabo no proxecto con esquemas gráficos detallados, tanto da malla espacial, da cuberta da grada, da cuberta do pabellón, da actuación en fachada. Ademais se analiza a actuación de reforzo estrutural, acondicionamento xeral, instalacións eléctricas e actuacións en aseos.

Se considera un desenvolvemento detallado e analizado das principais actuacións a desenvolver dentro do proxecto, con abundante información gráfica.

- Descrición das actividades importantes da execución da obra.

A memoria presenta unha descrición das actividades de desmontaxe e montaxe da estrutura de cuberta, pero non se desenrola convenientemente outros procesos constructivos a levar a





Expte. 4.051/440

cabo no proxecto no relativo a reforzo da estrutura, montaxe de cubrición e fachada e cuberta do pabellón.

Se considera un desenvolvemento pouco detallado dos procesos e actividades máis importantes da execución da obra.

- Condicionantes definidos no proxecto.

Ao longo da exposición non se destaca algúns dos condicionantes importantes definidos no proxecto convenientemente, como as obras previas executadas na grada de río, o estado da estrutura, a influencia da acción do vento e o cronograma de execución das obras, o uso das gradas.

Se considera unha escasa exposición dos principais condicionantes do proxecto.

- Determinación do grado de incidencia dos condicionantes e actuacións a desenvolver especificados nos apartados anteriores en relación á execución da obra.

Na descripción dos diferentes condicionantes e actuacións indicados en apartados anteriores, se inclúe a peculiaridade de cada un e a súa incidencia, pero non se cuantifica en porcentaxe, prazo ou noutra escala de influencia na obra.

Se considera que a xustificación non se adecúa convenientemente ao obxecto do apartado, ao non presentar o grado de incidencia.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

